

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día trinta de xaneiro de dous mil quince, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco, don Álvaro Vila Araújo e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Os deputados do grupo do BNG, don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, abandonaron o salón de sesións despois da súa primeira intervención no punto quinto da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: <http://videoacta.depourense.es>, no seguinte enlace:

[Ver acta pleno](#)

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2014.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de decembro de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Desestimar a alegación formulada por don José Manuel Figueirido Rodríguez, ao non ter por obxecto as determinacións propias do Plan de Ordenación de Recursos Humanos, e sen prexuízo de cal sexa o sentido no que se resolva a alegación formulada polo mesmo interesado respecto da Relación de Postos de Traballo para o exercicio 2015.

2º) Estimar a alegación formulada polo xefe do Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior no sentido de incluír no apartado de categorías profesionais para persoal laboral fixo do Plan de ordenación de recursos humanos para o exercicio 2015 as seguintes categorías profesionais: bombeiro-condutor (C2), monitor deportivo de sala de fitness (C2) e monitor de lecer no rural (C2).

3º) Aprobar definitivamente o Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2015 da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

I. Memoria Xustificativa:

Continuando a liña seguida nas Relación de Postos de Traballo precedentes, a RPT 2015 só introduce modificacións puntuais na estrutura obxectiva de postos de traballo da administración provincial, modificacións que esixen a adopción de medidas de reordenación do persoal ó servizo da administración provincial e que precisan, para a súa implementación, da elaboración e aprobación dun Plan de Ordenación de Recursos Humanos.

Estas medidas, que constitúen o obxecto do presente Plan de Ordenación, son as seguintes:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

a) Medidas de reestruturación do cadro de persoal: mantense a declaración da subescala de subalternos de administración xeral como subescala a extinguir – medida que fora introducida por vez primeira polo Plan de Ordenación de Recursos Humanos de 2014, ó tratarse dunha subescala que xa non está prevista na estrutura da función pública deseñada polo Estatuto básico do empregado público.

b) Medidas de reestruturación do cadro laboral: o Plan de Ordenación de RR.HH. do exercicio 2014 prevía a unificación das categorías de Chofer Especialista e Conductor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais nunha única categoría de Chofer de Maquinaria, sen prexuízo da posibilidade de establecer subcategorías especializadas para aqueles que dispoñan de carnés para conducción de vehículos especiais que legalmente o requiran, establecéndose, ó respecto, a obriga de realizar un estudo para o efecto ó longo de 2014, cunha proposta de plan especial de ordenación de recursos humanos con esa finalidade. Malia que se iniciaron os ditos traballos de estudo, non foron rematados ata a data, polo que o Plan 2015 mantén esta medida.

c) Normas especiais para a provisión dos postos de traballo establecidos na R.P.T. 2015: establécese a utilización do procedemento especial de reasignación de efectivos en tódolos supostos de persoal afectado pola supresión dos seus postos de traballo. O dito persoal será reasignado pola Presidencia ós postos de traballo que substitúan ós suprimidos, sen que a dita reasignación poida supoñer mobilidade xeográfica.

Non obstante o anterior, non será de aplicación esta norma nos casos en que os postos de nova creación teñan asignado un complemento de destino diferente ó suprimido. Nestes supostos, o novo posto será provisto en propiedade segundo o procedemento ordinario que corresponda. O titular do posto suprimido será adscrito a un posto de traballo axeitado á súa categoría profesional ata tanto non obteña un novo posto de carácter definitivo, conservando en tanto dure esa situación as retribucións do posto suprimido.

d) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2015: recóllense os criterios xerais para a elaboración da oferta de emprego público 2015, conforme ás previsións do proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o dito exercicio.

II. Determinacións do Plan.

1) Medidas para a reestruturación do cadro de persoal:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

a) Determinación das Escalas e Subescalas do Persoal Funcionario de Carreira da Deputación Provincial de Ourense:

O cadro de persoal da Deputación Provincial de Ourense quedará integrado polas seguintes escalas, subescalas, clases e categorías:

1) Escala de Administración Xeral

- Subescala Técnica:

Grupo de titulación: A1

Titulación de acceso: Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala de Xestión:

Grupo de titulación: A2

Titulación de acceso: Estar en posesión do título universitario de Grao ou equivalente.

- Subescala Administrativa:

Grupo de titulación: C1

Titulación de acceso: Bacharelato ou Técnico ou equivalente.

- Subescala Auxiliar:

Grupo de titulación: C2

Titulación de acceso: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

- Subescala Subalterna:

Grupo de titulación: Agrupación Profesional sen requisito de titulación.

Observacións: categoría a extinguir.

2) Escala de Administración Especial:

2.1) Subescala Técnica, estruturada nas seguintes clases e categorías:

a) Clase Técnico superior (A1)

- Técnico superior en Administración Financeira e Tributaria.
- Letrado da Deputación Provincial.
- Enxeñeiro de Obras e Servizos Provinciais.
- Enxeñeiro Superior Industrial.
- Arquitecto

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

- *Veterinario.*
- *Técnico Superior de Laboratorio.*
- *Tradutor de Lingua Galega.*

b) Clase Técnico Medio (A2)

- *Asistente Social.*
- *Técnico Especialista en Laboratorio.*
- *Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas.*
- *Enxeñeiro Técnico Agrícola.*
- *Enxeñeiro Técnico Industrial.*
- *Arquitecto Técnico.*

c) Clase Técnico Auxiliar (C1)

- *Oficial de Obras e Servizos.*
- *Oficial Técnico de Obras.*
- *Delineante.*
- *Técnico Auxiliar Agrícola.*

2.2) Subescala de Servizos Especiais, estruturada nas seguintes clases e categorías:

2.2.1) Clase Prazas de Cometidos Especiais

- *Técnico Superior en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (A1).*
- *Técnico Superior en Administración Cultural (A1).*
- *Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais (A1).*
- *Técnico Superior en Xestión de Instalacións Deportivas Municipais (A1).*
- *Enxeñeiro Superior en Informática (A1).*
- *Xestor de Administración Cultural (A2)*
- *Enxeñeiro Especialista en Informática (A2).*
- *Técnico Especialista en Recursos Humanos e Formación Profesional (A2).*
- *Técnico Especialista en Desenvolvemento Local e Recursos Europeos (A2).*
- *Técnico Especialista en Xestión Tributaria e Recadación (A2).*
- *Técnico Especialista en Xestión Orzamentaria e Contable (A2)*
- *Técnico Especialista en Prevención de Riscos Laborais (A2).*
- *Técnico Especialista en Medio Ambiente (A2)*
- *Oficial Técnico en Seguridade e Saúde (C1).*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

- *Técnico Superior Informático (B).*
- *Técnico Auxiliar Informático (C1).*
- *Técnico Auxiliar en Medio Ambiente (C1).*
- *Auxiliar Técnico de Recadación e Xestión Tributaria (C2).*
- *Auxiliar Informático (C2).*
- *Programador Informático (C1). Categoría a extinguir.*

2.2.2) Clase Persoal de Oficios

- *Rexente de Edificios e Instalacións (C1). Categoría a extinguir.*
- *Axudante de Obras e Servizos (C2). Categoría a extinguir.*
- *Chofer de Presidencia*
- *Condutor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais (C2).
Categoría a extinguir.*
- *Chofer Especialista (C2). Categoría a extinguir.*
- *Mecánico – Electricista – Soldador (C2). Categoría a extinguir.*
- *Legoeiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación). Categoría para extinguir.*

b) Determinación de categorías profesionais para o persoal laboral fixo

Con efectos de data 1 de xaneiro de 2015, o cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense quedará estruturado nas seguintes categorías profesionais:

- *Técnico medio de asistencia ós grupos políticos (A2).*
- *Profesor Superior de Gaita (A2).*
- *Profesor Axudante de Gaita (C1).*
- *Profesor de Percusión (C2).*
- *Profesor Superior de Danzas, Pandeireta e Canto (A2).*
- *Profesor Axudante de Danzas, Pandeireta e Canto (C1).*
- *Oficial Técnico de Escenario, Luces e Son (C1).*
- *Oficial de Explotacións Agropecuarias (C1).*
- *Oficial de Obras e Servizos (C1).*
- *Oficial de Edificios e Instalacións (C1).*
- *Administrativo do Grupos Políticos (C1).*
- *Axudante do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández (C2).*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

- *Axudante de Imprenta (C2).*
- *Axudante de Escenario, Luces e Son (C2).*
- *Maquinista (C2).*
- *Axudante de Obras e Servizos (C2).*
- *Auxiliar de Servizos (C2).*
- *Auxiliar de Servizos de Recollida de Animais Abandonados (C2)*
- *Auxiliar Técnico de Obras (C2).*
- *Auxiliar Técnico de Laboratorio (C2).*
- *Condutor de Maquinaria de Obras Públicas e Vehículos Especiais (C2).*
- *Chofer Especialista (C2).*
- *Albanel (C2).*
- *Mecánico – Electricista- Soldador (C2).*
- *Chapista (C2).*
- *Pintor (C2).*
- *Capataz de Explotacións Agropecuarias (C2).*
- *Capataz de Zonas Verdes e Limpeza Viaria (C2).*
- *Tractorista (C2).*
- *Cociñeiro (C2). Categoría a extinguir.*
- *Condutor Especialista de Explotacións Agropecuarias (C2).*
- *Construtor de Gaitas e Instrumentos Musicais Tradicionais de Galicia (C2).*
- *Operario do Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández (Agrupación profesional sen requisito de titulación).*
- *Operario de Mantemento (Agrupación profesional sen requisito de titulación).*
- *Telefonista (Agrupación profesional sen requisito de titulación).*
- *Axudante de Soldador (Agrupación profesional sen requisito de titulación).*
- *Legoeiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación).*
- *Peón Agrícola (Agrupación Profesional sen requisito de titulación).*
- *Operario sen Cualificar (Agrupación profesional sen requisito de titulación).*
- *Operario Limpador (Agrupación profesional sen requisito de titulación).*
- *Porteiro (Agrupación profesional sen requisito de titulación).*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

- *Legoeiro Especialista (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
Categoría para extinguir.*
- *Operario de Báscula (Agrupación profesional sen requisito de titulación).
Categoría para extinguir.*
- *Auxiliar de Biblioteca (A2). Categoría para extinguir.*
- *Bombeiro-condutor (C2)*
- *Monitor deportivo de sala fitness (C2)*
- *Monitor de lecer no rural (C2)*

c) Normas sobre titulacións de acceso ás categorías profesionais do cadro laboral e funcional de persoal:

As titulacións de acceso ás categorías profesionais do persoal laboral e ás escalas, subescalas, clases e categorías de persoal funcionario estableceranse nas bases reguladoras das correspondentes convocatorias, atendendo ó disposto na lexislación educativa vixente e procurando, na medida do posible, a apertura ó maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan presumir, en atención ó contido dos respectivos ciclos formativos, un grao de coñecemento suficiente para as funcións xenéricas da categoría.

d) Elaboración dun plan especial para a unificación e estruturación das categorías profesionais de chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais:

Durante o exercicio 2015 deberá completarse o estudo, iniciado xa no 2014, das posibilidades, dende o punto de vista técnico e legal, de unificación e estruturación das categorías profesionais de chofer especialista e condutor de maquinaria de obras públicas e vehículos especiais, co obxectivo de facilitar a mobilidade profesional do persoal destas categorías e, ó mesmo tempo, acadar unha maior eficiencia na asignación dos recursos humanos dispoñibles para os distintos postos reservados a estas prazas. O dito estudo levarase a cabo polo Servizo de Recursos Humanos, coa asistencia do Parque de Maquinaria, e incorporará unha proposta de plan especial de ordenación de recursos humanos, co fin de poder ser obxecto de negociación na Mesa Xeral.

2) Procedementos para a provisión dos postos de traballo establecidos na RPT:

1. Procedementos de acceso a postos de 2ª actividade:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Os procedementos de acceso a postos de 2ª actividade vacantes a partir do 1 de xaneiro de 2015 estableceranse por resolución da Presidencia no primeiro trimestre do exercicio, trala negociación previa do seu deseño e contido na Mesa Xeral de Negociación.

2. Normas relativas a persoal afectado pola supresión dos seus postos de traballo: nestes supostos, o novo posto será provisto en propiedade segundo o procedemento ordinario que corresponda. O persoal afectado pola supresión dos seus postos serán adscritos a un posto de traballo axeitado á súa categoría profesional – incluíndo a posibilidade de adscrición provisional ao posto de nova creación - ata tanto non obteña un novo posto de carácter definitivo, conservando en tanto dure esa situación as retribucións do posto suprimido. Nestes supostos, a convocatoria do procedemento ordinario de provisión deberá realizarse no primeiro trimestre de 2015.”

3. Normas relativas aos postos obtidos por libre designación: os funcionarios que accedan a postos obtidos mediante procedementos de libre designación, terán, en caso de cesamento, dereito á asignación dun posto co mesmo nivel retributivo e funcións similares ao que anteriormente obtiveran por concurso.

3) Criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2015:

Os criterios xerais para o deseño da oferta de emprego público de 2015 serán os seguintes:

1º) A oferta pública de prazas de acceso libre elaborárase consonte cos criterios que determine a Lei xeral de orzamentos do Estado vixente e, en todo caso, restrinxida a aqueles supostos que se consideren absolutamente prioritarios para o funcionamento da administración provincial.

2º) En todo caso, a oferta de emprego público incluírá a totalidade de prazas dos subgrupos C1 e C2 que se atopen vacantes e sexan susceptibles de cobertura mediante procedementos de promoción interna.

3º) En ningún caso poderán incluírse na oferta de emprego público prazas declaradas para extinguir no presente Plan.

4) Normas sobre concesión de prórroga do servizo activo a persoal funcionario que exceda dos sesenta e cinco anos de idade.

1. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ó cumprir a persoa a idade legalmente establecida, actualmente fixada en sesenta e cinco anos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Non obstante o anterior, o persoal funcionario poderá solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida, que se concederá, no seu caso, por períodos dun ano renovables anualmente a solicitude da persoa interesada, presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida. Se non presentara solicitude en prazo, declararase de oficio a xubilación forzosa.

2. A aceptación ou denegación destas solicitudes resolverase de forma motivada sobre a base dalgúns dos criterios seguintes:

a) Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante.

b) Capacidade psicofísica da persoa solicitante, acreditada mediante resolución, ditame ou informe médico.

c) A existencia de razóns organizativas que determinen a denegación da prórroga do servizo activo.

A estes efectos, e ó abeiro do establecido no artigo 49 do Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, decláranse como razóns organizativas determinantes da denegación da prórroga do servizo activo as seguintes:

- A innecesiedade do posto para a normal realización das funcións correspondentes á unidade administrativa na que se encadre. A dita innecesiedade deberá acreditarse mediante informe detallado emitido polo director da Área correspondente, ou, no seu defecto, polo director do centro, servizo ou unidade de que se trate, sen prexuízo da incorporación ó expediente de cantos informes adicionais se consideren convenientes.

No suposto en que a solicitude de prórroga sexa denegada por esta razón, o posto deberá ser suprimido na primeira modificación da RPT que se tramite, e ata tanto non se leve a efecto a supresión, non poderá ser obxecto de provisión temporal ou definitiva por ningún medio.

- A existencia, no cadro de persoal da Deputación, de persoal capacitado para o desempeño do dito posto ou para a asunción efectiva das súas funcións, sen necesidade de incorporar a persoal de novo ingreso, temporal ou interino. Esta circunstancia acreditarase mediante informe do Xefe do Servizo de Recursos Humanos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

3. *Procederá tamén a xubilación dos funcionario en situación de prórroga do servizo activo, previa instrución de expediente que poderá iniciarse de oficio ou a instancia da persoa funcionaria interesada, cando se declare a incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física o psíquica ou por diminución apreciable das súas facultades.*

4. *En calquera caso, será preceptiva a audiencia no expediente do interesado.*

5) Normas sobre entrada en vigor e vixencia do Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2015.

As disposicións de natureza normativa do presente Plan de Ordenación de Recurso Humanos entrarán en vigor ó día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sen prexuízo da súa retroactividade, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, nos casos expresamente contemplados nas ditas disposicións normativas. En todo caso, non terán efecto retroactivo as disposicións restritivas de dereitos dos empregados públicos.

O Plan terá vixencia indefinida ata a súa substitución ou modificación por un Plan posterior ou norma de superior rango xerárquico.

4º) Ordenar a publicación no BOP do texto íntegro do Plan de ordenación de recursos humanos para o exercicio 2015 da Deputación Provincial de Ourense.

3º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O EJERCICIO 2015.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15, o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar a alegación formulada polo Concello do Carballiño, modificando no Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

exercicio 2015 a liña de acción C.2. Fomento da cultura, engadindo un apartado XII no seu punto 5º. Plan de acción, co seguinte contido:

“XII.- Achega ao Premio Antón Losada Diéguez

Prevese unha achega de 6.000 € como contribución da Deputación ao Premio Antón Losada Diéguez.”

2º.- Aprobar definitivamente o Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2015.

3º.- Publicar integramente no BOP o dito Plan, coa modificación aprobada.

4º.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2015.

A Sra. interventora dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BGNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das bases de execución do orzamento xeral do exercicio de 2015, engadindo o que de seguido se transcribe:

BASE 90ª: TRAMITACIÓN DA FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

1. Estarán obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que teñan entregado bens ou prestado servizos nesta Deputación desde o 15 de xaneiro de 2015 nos termos que dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

2. En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado segundo do referido artigo, estarán excluídas da obriga de facturar electronicamente a esta Deputación as facturas de ata un importe de cinco mil euros (5.000,00 €), impostos engadidos. Determinase por esta Deputación establecer este importe, engadindo impostos, de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (informes 26/2008 e 43/2008). Igualmente quedan excluídas as facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior, ata que as ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas axeitados para a súa recepción nos ditos servizos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

3. As facturas electrónicas presentaranse a través da plataforma electrónica «FACe – Punto General de Entrada de Facturas Electrónicas» da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, prevista na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público e na Orde ministerial HAP/1074/2014, do 24 de xuño, pola que se regulan as condicións técnicas e funcionais que debe reunir o punto xeral de entrada de facturas electrónicas, á que esta Deputación se adheriu por Decreto da Presidencia de data 18.11.2014.

4. As facturas electrónicas, ademais de cumprir os requisitos esixidos na normativa sinalada, deberán indicar os códigos DIR3 de oficina contable, órgano xestor e unidade de tramitación responsable no ficheiro de factura. A relación de códigos das unidades administrativas habilitadas na Deputación de Ourense son:

Deputación Provincial de Ourense

- **ÓRGANO XESTOR**
 - L02000032 - DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
- **UNIDADES TRAMITADORAS**
 - GE0003160 - AUGAS E MEDIO AMBIENTE
 - GE0003161 - CENTROS CULTURAI
 - GE0003162 - BENESTAR
 - GE0003163 - PRESIDENCIA
 - GE0003164 - FACENDA
 - GE0003159 - ADMINISTRACIÓN XERAL
 - GE0003165 – INFRAESTRUTURAS
 - GE0003167 – ORGANISMO AUTÓNOMO INORDE
- **OFICINA CONTABLE**
 - GE0003179 – INTERVENCIÓN

5. Será competencia do presidente, mediante resolución, a creación, modificación e supresión das Unidades de Xestión Económico Orzamentaria do DIR3 e os órganos xestores, unidades tramitadoras e oficinas contables de FACE.

2º.- De acordo co artigo 169 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta modificación do orzamento xeral será exposta ao público, logo do anuncio previo no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións diante do Pleno. A modificación do orzamento

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO N.º 1/2015.-

A Sra. interventora dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recolle no punto quinto da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Os deputados do BNG, don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, abandonaron o salón de sesións despois da súa primeira intervención neste punto.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/762.01	Cooperación provincial a concellos subvencións	1.088.158,21

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
341.11/762.01	Promoción e fomento do deporte a concellos nominativas	601.164,20
414.11/789.01	Promoción e fomento do medio rural a familias e institucións se fin de lucro	50.000,00
231.11/789.01	Promoción e acción social a familias e institucións sen fins de lucro	75.000,00
432.11/766.00	Promoción e fomento do turismo a outras entidades de agrupacións municipais	142.617,91

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
231.11/480.01	Atencións benéficas e sociais nominativas. Acción social	45.000,00
334.20/462.01	A Concellos. Actividades culturais/recreativas	117.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
924.12/489.01	A entidades sen fins de lucro. Participación veciñal	8.800,00
450.12/462.06	A concellos cooperación provincial	25.000,00
341.11/489.01	A entidades sen fins de lucro. Promoción e fomento do deporte	71.000,00
431.12/489.01	Promoción comercial entidades sen fins de lucro	120.000,00
334.17/489.09	Promoción cultural entidades sen fins de lucro	159.000,00
135.15/463.00	A Mancomunidade de Celanova. Servizo contra incendios	12.000,00
334.11/207.00	Prestación de servizos. Edicións e publicacións	90.000,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito	1.250.158,21 €
Suma créditos extraordinarios	1.354.582,11 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	2.604.740,32 €
--	-----------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/480.01**. Atencións benéficas e sociais nominativas. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Aixiña	Transporte ao centro de día de parálise cerebral	30.000,00
Fundación de discapacitados psíquicos Terras de Celanova	Gastos de funcionamento	15.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Bola	Arranxo vías municipais	50.000,00
A Gudiña	Casa da viúva (cofinanciación Xunta-concello-Deputación)	15.000,00
A Gudiña	Terminación parque infantil	40.000,00
A Merca	Arranxos ETAP	14.129,13
A Peroxa	Adaptación de Baixo para auditorio e aula para a	125.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

	terceira idade	
A Veiga	Proxecto turístico	10.000,00
Allariz	Actividades deportivas	9.000,00
Amoeiro	Saneamento municipal	16.575,00
Bande	Obras en cemiterio	20.000,00
Baños de Molgas	Actuacións en materia termal	60.000,00
Beade	Rehabilitación casa concello	40.000,00
Carballeda de Avia	Acondicionamento da fonte de Fornelos	7.567,26
Carballiño	Acondicionamento área recreativa zona Catro Camiños	50.000,00
Chandrexa	Maquinaria municipal	10.000,00
Cortegada	Obras en balneario	50.000,00
Esgos	Adquisición rozadora	10.000,00
Gomesende	Arranxos e mantemento de infraestruturas municipais e servizos públicos básicos 2012	41.000,00
Larouco	Realización obras renovación da rede de saneamento en Freixido	18.205,81
Larouco	Arranxos electricidade	14.000,00
Laza	Creación parque nunha praza pública sobre a cuberta do edificio municipal	40.000,00
Leiro	Pasarela peonil sobre o río Avia	60.000,00
Muñíos	Acondicionamento e equipamento do punto acollida do centro de BTT Serra do Xurés	50.000,00
Oímbra	Obras de parques infantís: Espiño e O Rosal	28.457,00
Os Blancos	Arranxo estradas municipais	20.000,00
Paderne de Allariz	Pista Golpellás	60.000,00
Paderne de Allariz	Abastecemento en Mourisco San Cristovo I fase	60.000,00
Parada do Sil	Proxecto xeolóxico Canón do Sil dos concellos de Parada do Sil, Nogueira de Ramuín, A Teixeira e Esgos	26.000,00
Padrenda	San Roque, Gresufe	59.419,77
Ramirás	Compra rozadora	20.000,00
Ribadavia	Proxecto pasarela da Foz	5.000,00
Riós	Arranxo centro sociocomunitario	13.000,00
Verín	Centro social A Rasela	25.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/762.01**. A Concellos nominativas. Promoción e fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Rua	Melloras instalacións deportivas	21.000,00
Celanova	Infraestruturas deportivas, campo de Fútbol	75.000,00
Cortegada	Campo de Fútbol	75.000,00
Lobios	Vestiaros campo de fútbol	40.000,00
Maceda	Campo de Fútbol	75.000,00
Manzaneda	Infraestruturas deportivas: polideportivo municipal	41.164,20

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Porqueira	Obras piscina	75.000,00
Verín	Reparación cubertas pavillón	75.000,00
Vilamartín	Polideportivo	12.000,00
Xunqueira de Ambía	Vestuarios de fútbol	12.000,00
Viana	Campo de fútbol	50.000,00
Barbadás	Instalacións deportivas	25.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/462.01**. A Concellos. Actividades culturais/recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Beariz	Actividades culturais	12.000,00
Cartelle	Actuacións desportivo-culturais	20.000,00
Muíños	Actividades recreativa "O Corgo"	10.000,00
Rairiz de Veiga	Servizo complementario escola infantil	15.000,00
Xinzo de Limia	Gastos sostemento do conservatorio municipal	25.000,00
Baltar	Actividade cultural	15.000,00
Vilar de Santos	Mantemento museo	12.000,00
Concello do Carballiño	XXX Edición premio Antón Losada Diéguez	6.000,00
Petín	Festa da febra 2014	2.000,00
Barbadás	Actividades culturais	25.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **924.12/489.01**. A entidades sen fins de lucro. Participación veciñal:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Espes O Couto	Gastos mantemento e funcionamento	1.800,00
Asociación Santa Marta de Velle	Gastos mantemento e funcionamento	1.500,00
Asociación Veciños "A Chavasqueira"	Gastos mantemento e funcionamento	2.000,00
Asociación Veciños Centro	Gastos mantemento e funcionamento	2.000,00
Asociación Vistahermosa	Gastos mantemento e funcionamento	1.500,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.06**. A concellos cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Xunqueira de Ambía	Traballos medioambientais	25.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/489.01**. A entidades sen fins de lucro. Promoción e fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
---------------------	-------------------	----------------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Estación invernal de Manzaneda	Gastos da actividade convenio con MEISA campamento esquí nenos provincia de Ourense (SKIOU)	71.000,00
--------------------------------	---	-----------

Con cargo á aplicación orzamentaria **431.12/489.01**. A entidades sen fins de lucro promoción comercial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Expourense	Padroado	70.000,00
Expourense	Convenio actividades	50.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.17/489.09**. A entidades sen fins de lucro promoción cultural:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Porco Celta de Manzaneda	Xornadas gastronómicas e mostra de artesanía	2.000,00
Sarabela Teatro	FITO Actividades 2015	18.000,00
Fundación ADO Moure	Actividades carreiras ciclistas pola provincia 2015	18.000,00
Fundación Carlos Casares	Actividades 2015	30.000,00
Sarabela Teatro	MITEU actividades 2015	18.000,00
Queixumes dos Pinos	Festival Sonamos Latinoamérica 2014 e actividades 2015	20.000,00
Sarabela teatro	Produción, distribución e actividades escénicas 2015	50.000,00
Asociación cultural Os xuncos	Actividades e gastos mantemento e funcionamento	3.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **135.15/463.00** A Mancomunidade de Celanova. Servizo contra incendios:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Mancomunidade Celanova	Gastos parque bombeiros	12.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **414.11/789.01**. A entidades sen fins de lucro. Medio rural:

Beneficiario	Finalidade	Importe
CRDO "Ribeiro"	Equipamento tecnolóxico	50.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/789.01**. A entidades sen fins de lucro. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación San Rosendo	Residencia Lobeira	75.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **432.11/766.00**. A entidades locais promoción turística:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Beneficiario	Finalidade	Importe
Portas de Galicia	Plan competitividade Turística Portas de Galicia	142.617,91

Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.04 “Escola de música Trasmiras. Actividades culturais e recreativas”, prevíase unha subvención ao Concello de Trasmiras para a escola de música. O solicitante da axuda é a Asociación Musical de Trasmiras, polo que a subvención se concedería a dita Asociación con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

- 334.20/489.09 “A entidades sen fins de lucro. Promoción cultural”:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación Musical de Trasmiras	Escola de Música	20.000 €

Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos subvencións. Cooperación provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Punxín para o arranxo na capela de San Pedro de Viñas e instalación de varandas en Freás. Dado que o titular da capela e a Diocese de Ourense, a desagregación da subvención quedaría da seguinte maneira:

- 450.12/762.01 “A Concellos subvencións. Cooperación provincial

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Punxín	Instalación de varandas en Freás	6.000 €

- 336.11/780.00 “Igrexas e outros monumentos. Patrimonio histórico-artístico”

Beneficiario	Finalidade	Importe
Diocese de Ourense	Arranxo na Capela de San Pedro de Viñas	14.000 €

3º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO N.º 1/2015, DO INORDE.-

A Sra. interventora dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto sexto da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8), o seguinte acordo:

1º.- Modificar as bases de execución do orzamento do INORDE para o exercicio 2015, especificando no capítulo 4º de gastos que, con cargo á aplicación orzamentaria 422.11/489.06 “a organizacións ou asociacións sen ánimo de lucro e outras” e con cargo á 422.11/462.01 “a concellos, subvencións nominativas”, a previsión de subvencións nominativas ás seguintes entidades para o concepto e polo importe que se detallan:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Cea	Parque empresarial	50.000 €
Concello de Riós	Parque empresarial	35.000 €
Centro Comercial Aberto Ourense	Actividades centro	8.000 €
Xóvenes Empresarios de Ourense	Actividades xóvenes empresarios	6.000 €
TOTAL		99.000 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público tralo anuncio no BOP, por quince (15) días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- ORDENANZA FISCAL XERAL DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8), o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal xeral de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense, conforme ao seguinte texto articulado:

TÍTULO I
DISPOSICIÓN XERAIS

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Artigo 1.- Obxecto

1.- Esta Ordenanza fiscal xeral, ten por obxecto establecer as normas comúns de xestión, inspección e recadación dos tributos propios da Deputación Provincial de Ourense e dos seus organismos dependentes.

Constitúe igualmente o obxecto desta ordenanza fiscal a regulación das normas comúns de xestión, inspección e recadación dos tributos municipais ou doutras entidades locais da provincia de Ourense cuxa xestión, inspección e/ou recadación fora delegada nas administracións provinciais, nos supostos nos que as entidades locais interesadas delegasen tamén na Deputación Provincial o exercicio da competencia para o establecemento das ditas normas.

2.- As normas contidas nesta Ordenanza fiscal xeral serán aplicables a outros ingresos de dereito público en todo o non previsto especificamente na normativa reguladora destes e sempre e cando a natureza xurídica de cada tipo de ingreso faga posible a dita aplicación.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

Esta ordenanza aplicarase nos procedementos administrativos de xestión, inspección e recadación dos ingresos tributarios da Deputación Provincial de Ourense e os seus organismos dependentes e das entidades locais da provincia que delegaran na Deputación as facultades referidas no artigo anterior. Así mesmo, aplicarase aos ingresos de dereito público non tributarios de acordo co previsto no apartado 2 do artigo 1.

Artigo 3.- Facultades de interpretación

A interpretación dos preceptos contidos neste texto, en relación co resto das normas de aplicación, corresponderalle ao presidente da Deputación, que poderá ditar disposicións interpretativas e aclaratorias destas.

TÍTULO II PROCEDIMENTO

Artigo 4.- Aspectos xerais

1.- A tramitación de expedientes estará guiada por criterios de racionalidade e eficacia, procurando a simplificación dos trámites que deban realizar os obrigados ao pago, e facilitando o acceso destes últimos á información administrativa que por lei lles corresponda, nos termos e condicións previstos nesta ordenanza.

2.- O presidente poderá delegar o exercicio de competencias e a sinatura de resolucións administrativas.

3.- As resolucións administrativas que se adopten por delegación entre órganos desta Deputación indicarán expresamente esta circunstancia e consideraranse ditadas polo órgano delegante.

4.- Impulsarase a aplicación de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos para a tramitación de expedientes administrativos, co fin de mellorar a eficiencia das comunicacións cos concellos, outras administracións públicas e os colaboradores sociais cos cales se subscriba o pertinente convenio e cos obrigados tributarios.

Artigo 5.- Acceso aos arquivos e documentos

1.- Os obrigados tributarios teñen dereito a acceder aos rexistros e documentos que formen parte de expedientes nos termos establecidos no Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos e, supletoriamente, na Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 58/2003 xeral tributaria.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

2.- Para que sexa autorizada a consulta será necesario que se formule petición individualizada, especificando os documentos que se desexa consultar. A consulta deberá ser realizada polo interesado ou o seu representante, e non poderá afectar aos datos de carácter persoal de terceiros.

3.- En caso de que se actúe a través de representante deberá achegarse documentación acreditativa da representación.

Artigo 6.- Dereito á obtención de copia dos documentos que obren no expediente

1.- Os obrigados tributarios poderán obter, previa solicitude por escrito, copias dos documentos que figuren nos expedientes. As copias entregaranse nas oficinas da Deputación Provincial e recollerase en dilixencia a relación dos documentos cuxa copia se entrega.

2.- A obtención de copias requirirá, se é o caso, o pagamento previo da taxa que se fixe na correspondente ordenanza fiscal.

3.- Os obrigados tributarios non terán dereito a obter copia daqueles documentos que figurando no expediente afecten a intereses ou á intimidade de terceiros.

4.- Naqueles casos en que os documentos que consten no arquivo ou expediente correspondente estean almacenados por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, as copias facilitaranse preferentemente polos ditos medios ou nos soportes adecuados a tales medios, sempre que as dispoñibilidades técnicas o permitan.

Artigo 7.- Información e asistencia aos obrigados tributarios

A) Solicitudes de información

1.- A Deputación informará aos obrigados tributarios que o soliciten dos criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria. Ás solicitudes formuladas verbalmente responderase de igual forma.

2.- Nos casos en que a solicitude se formulase por escrito deberase incluír o nome e apelidos ou razón social ou denominación completa e o número de identificación fiscal do obrigado tributario, así como o dereito ou obriga tributaria que lle afecta respecto do que se solicita a información.

3.- Na contestación ás solicitudes de información tributaria, a Administración comunicará os criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria, sen que a dita contestación poida ser obxecto de recurso.

B) Consultas tributarias

1.- As consultas tributarias formularanse por escrito dirixido á presidencia da Deputación, como órgano competente para a súa contestación antes da finalización do prazo para a presentación de declaración, autoliquidacións ou o cumprimento doutras obrigas tributarias.

2.- As consultas deberán ter como contido mínimo:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado tributario. No caso de que se actúe por medio de representante acreditarase tal circunstancia e incluírase, igualmente, a identificación completa deste.

b) Antecedentes e circunstancias do caso, identificando claramente o obxecto da consulta.

c) Os demais datos, elementos e documentos que poidan contribuír á formación do xuízo por parte da Administración tributaria provincial.

d) Lugar, data e sinatura do escrito.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

3.- A Administración tributaria arquivará, con notificación ao interesado, as consultas que non reúnan os requisitos establecidos e non sexan emendadas a requirimento da Administración.

4.- A Administración deberá contestar por escrito as consultas que reúnan os requisitos establecidos en virtude do apartado 2 deste artigo no prazo de seis meses desde a súa presentación. A falta de contestación no dito prazo non implicará a aceptación dos criterios expresados no escrito da consulta.

5.- As contestacións ás consultas tributarias serán obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense, previa disociación dos datos persoais dos interesados, para xeral coñecemento.

Artigo 8.- Cómputo de prazos

1.- Sempre que non se exprese outra cousa, cando os prazos se sinalen por días, entenderase que son hábiles, con exclusión, para os efectos de cómputo, dos domingos e os declarados festivos. Cando os prazos se sinalen por días naturais, farase constar esta circunstancia nas correspondentes notificacións.

Os prazos así expresados contaránse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2.- Se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Se no mes de vencemento non houberse día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día de cada mes.

3.- Cando o último día sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

4.- Cando un día fose hábil no municipio ou comunidade autónoma en que residise o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerarase inhábil en todo caso.

5.- A Administración poderá conceder, de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación de prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recursos.

Artigo 9.- Tramitación de expedientes

1.- Dos escritos que se presenten no Rexistro Xeral da Deputación, os interesados poderán esixir o correspondente xustificante de rexistro, admitíndose como tal unha copia na que figure a data de presentación.

2.- Se as solicitudes non reúnen todos os requisitos esixidos pola normativa vixente requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emende as anomalías, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, arquivándose sen máis trámite o expediente.

3.- Ordenarase a acumulación de procedementos que garden entre si unha identidade substancial ou íntima conexión.

4.- Na resolución de expedientes de natureza homoxénea observarase a orde rigorosa de incoación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

5.- Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, cando se produza a súa paralización por causas imputables a este, advertiráselle que, transcorridos tres meses, se producirá a caducidade do procedemento e procederase ao arquivo das actuacións.

6.- Os trámites non esenciais para a continuidade do procedemento que han de levar a cabo os interesados realizaranse no prazo de dez días a partir da notificación do acto correspondente.

7.- Aos interesados que non cumprisen o disposto no apartado anterior poderáselles declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente continuando co procedemento; non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais se se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na cal se teña por transcorrido o prazo.

Artigo 10.- Obriga de resolver.

1.- A Deputación resolverá expresamente todas as cuestións que se expoñan nos procedementos de aplicación dos tributos, e notificará a dita resolución de forma expresa.

2.- Non existirá obrigación de resolver expresamente nos procedementos relativos ao exercicio de dereitos que só deban ser obxecto de comunicación polo obrigado tributario e nos que se produza a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou a desistencia dos interesados.

Non obstante, cando o interesado solicite expresamente que se declare que se produciu algunha das referidas circunstancias, a Deputación contestará á súa petición.

3.- Os actos de liquidación, os de comprobación de valor, os que impoñan unha obrigación, os que deneguen un beneficio fiscal ou a suspensión da execución de actos de aplicación dos tributos, así como cantos outros se dispoñan na normativa vixente, serán motivados con referencia sucinta aos feitos e fundamentos de dereito.

4.- O prazo máximo en que debe notificarse a resolución será o fixado pola normativa reguladora do correspondente procedemento, sen que poida exceder de seis meses, salvo que estea establecido por una norma con rango de lei ou veña previsto na normativa comunitaria europea. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen prazo máximo, este será de seis meses.

O prazo contarase:

a) Nos procedementos iniciados de oficio, desde a data de notificación do acordo de inicio.

b) Nos procedementos iniciados a instancia do interesado, desde a data en que a documentación completa da solicitude tivese entrada no Rexistro da Deputación.

Queda excluído do disposto neste apartado o procedemento de constrinximento, cuxas actuacións poderán estenderse ata o prazo de prescrición do dereito de cobro.

5.- Para o único efecto de entender cumprida a obrigación de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos será suficiente acreditar que se realizou un intento de notificación que conteña o texto íntegro da resolución.

Artigo 11.- Efectos do silencio administrativo

1.- Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado o vencemento do prazo máximo fixado para a súa resolución sen terse notificado acordo expreso, producirá os efectos que estableza a súa normativa reguladora. En defecto da devandita regulación os interesados poderán entender estimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, salvo nos seguintes casos:

a) Procedementos de exercicio do dereito de petición a que se refire o artigo 29 da Constitución.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

b) *Resolución do recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, ou ao económico-administrativo, fronte aos actos ditados en materia de tributos locais e restantes ingresos de dereito público locais.*

c) *Procedementos para a concesión de beneficios fiscais nos tributos locais.*

d) *Resolución doutros recursos administrativos diferentes do establecido no apartado b) deste punto, que puidesen interporse.*

e) *Suspensión do procedemento tributario cando non se achegue garantía suficiente.*

f) *Outros supostos previstos legalmente.*

2.- *Nos procedementos iniciados de oficio o vencemento do prazo máximo establecido sen que se notificara a resolución expresa producirá os efectos previstos na normativa reguladora de cada procedemento de aplicación dos tributos.*

En ausencia de regulación expresa produciranse os seguintes efectos:

a) *Se se trata de procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento ou, se é o caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas individualizadas, os obrigados tributarios poderán entender desestimados por silencio administrativo os posibles efectos favorables derivados do procedemento.*

b) *Nos procedementos susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame producirase a caducidade do procedemento.*

TÍTULO III

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 12.- Importe mínimo das liquidacións

En atención a criterios de eficiencia e economía, cando o órgano de xestión tributaria considere que o produto a obter tralo correspondente procedemento recadatorio sexa inferior ou resultará insuficiente para a cobertura do custe de realización, estará facultado para declarar falido ou incobrable o crédito tributario correspondente.

A proposta de declaración de falidos ou créditos incobrables poderá realizarse con carácter xeral pola unidade administrativa competente atendendo a importes mínimos de recadación voluntaria ou expedientes con débitos acumulados en vía executiva. A proposta deberá ser debidamente razoada e constará nos expedientes respectivos.

CAPÍTULO 1.- TRIBUTOS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Artigo 13.- Imposto sobre bens inmobles

1.- *A xestión do imposto sobre bens inmobles realízase a partir da información facilitada pola Dirección Xeral do Catastro, a través do padrón catastral e do resto de información sobre alteracións de orde física, xurídica ou económica producidas sobre os bens inmobles suxeitos a este imposto, segundo o establecido no Real decreto 417/2006, polo que se desenvolve a Lei do catastro inmobiliario, e os convenios de colaboración suscritos entre a Dirección Xeral de Catastro e a Deputación de delegación de competencias en materia de alteracións xurídicas e de prestación de servizos en materia de alteracións catastrais.*

As listas cobratorias do imposto sobre bens inmobles serán elaboradas pola Deputación a partir da información catastral facilitada pola Xerencia Territorial do Catastro. Nos supostos nos que resulte acreditada, con posterioridade á aprobación do devandito padrón, a non coincidencia do suxeito pasivo co titular catastral, a Deputación acordará a liquidación do imposto percibido polo correspondente exercicio ao suxeito pasivo que corresponda, comunicándolle as rectificacións á Dirección Xeral do Catastro. Nos casos de que non exista convenio de delegación de funcións entre o Catastro e a Deputación Provincial, esta liquidación terá carácter provisional, e a Dirección Xeral do Catastro, á vista da información

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

remitida, confirmará ou modificará o titular catastral mediante acordo que comunicará á Deputación para que esta practique, de ser o caso, a liquidación definitiva.

2.- As variacións de orde física, económica ou xurídica nos bens gravados terán efectividade desde o día primeiro do ano seguinte a aquel en que se produciron os feitos, actos ou negocios que orixinaron a incorporación ou modificación catastral, con independencia do momento en que se notifiquen.

Os titulares catastrais están obrigados a presentar declaración de alta, baixa ou variación polas alteracións dos bens que teñan transcendencia para a liquidación do imposto.

Quedan exentos da obrigación de presentar declaracións os suxeitos pasivos naqueles casos en que as modificacións da titularidade se produzan pola transmisión de dominio formalizada en escritura pública e se acredite a referencia catastral do inmovible transmitido, nos termos expresados na Lei do catastro inmobiliario.

A través de convenio de delegación de funcións coa Dirección Xeral de Catastro poderán atribuírse á Deputación o exercicio da competencia para a tramitación e resolución de todo tipo de recursos, declaracións e solicitudes nas que se pretenda, exclusivamente, o cambio do suxeito pasivo para os efectos do imposto sobre bens inmoables de natureza urbana, ou a ampliación ou perfeccionamento dos datos de identificación dun suxeito pasivo existente. Neste suposto, a Deputación modificará a titularidade no padrón do IBI e comunicarlle a modificación á Xerencia Territorial do Catastro.

O prazo máximo en que deberá notificarse a resolución expresa das declaracións e solicitudes será de seis meses. Unha vez transcorrido o devandito prazo sen realizarse notificación da resolución expresa entenderanse desestimada.

Naqueles supostos en que o cambio de titular proceda dunha transmisión comunicada directamente á Xerencia Territorial do Catastro por fedatario público, a competencia para resolver os recursos e reclamacións é da Xerencia Territorial do Catastro.

A Deputación tramitará as alteracións catastrais, notificaralles aos interesados os acordos emitidos pola Xerencia Territorial do Catastro provenientes das devanditas alteracións catastrais, e dará información e asistencia aos contribuíntes nestas materias de conformidade co convenio de colaboración sinalado anteriormente. A Deputación facilitarlles aos notarios, polo procedemento habilitado no convenio suscrito entre a Deputación e o Colexio de Notarios de Galicia, un informe das débedas pendentes por IBI do inmovible para transmitir, para advertir sobre a responsabilidade do adquirente por afección de bens ao pagamento das débedas polo devandito imposto.

Os certificados acreditativos da referencia catastral dos bens inmoables de natureza urbana situados nos municipios que delegasen na Deputación as facultades de xestión tributaria do imposto sobre bens inmoables, serán expedidos a través dos Puntos de Información Catastral (PIC). Así mesmo, poderanse expedir certificados de reprodución dos datos do padrón catastral anual do imposto, e doutros soportes de intercambio de información catastral segundo os convenios de delegación suscritos coa Dirección Xeral do Catastro.

A base liquidable será fixada polo Catastro nos procedementos de valoración colectiva.

Nos procedementos de declaración, comunicación, solicitude, corrección de discrepancias e inspección catastral, a base liquidable poderana determinar os concellos, ou a Deputación exercendo funcións delegadas por aqueles, segundo o previsto no artigo 77.3 do Texto refundido da Lei das facendas locais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Para determinar as cotas tributarias, aplicarase o coeficiente de actualización dos valores catastrais cando cumpra, así como os beneficios fiscais e os tipos impositivos, fixados legalmente ou mediante a ordenanza fiscal municipal.

Non é necesario proceder á notificación individualizada das variacións de cotas resultantes da modificación dos elementos regulados neste apartado.

3.- No caso do IBI poderase establecer, a solicitude do concello delegante, un sistema especial de pagamento, distribuíndo o importe total en dous prazos dun importe equivalente ao 50 % da cota líquida do recibo do imposto de bens inmobles correspondente ao exercicio en curso. Este sistema especial de pagamento aplicaríase unicamente aos recibos obxecto de domiciliación bancaria.

Cando por causas imputables ao interesado non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe do primeiro prazo, será inaplicable automaticamente este sistema especial de pagamento. Neste caso, o importe total do imposto poderá aboarse sen recarga ningunha no período voluntario de pagamento establecido para o padrón do IBI.

Se, tendo feito efectivo o importe do primeiro dos dous prazos, por causas imputables ao interesado non se fixese efectivo o segundo prazo, ao seu correspondente vencemento, iniciarase o período executivo pola cantidade pendente de ingreso.

Artigo 14.- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica

1.- O padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, cando a xestión deste tributo fose delegada na Deputación, formarao esta última a partir do padrón do ano anterior, no que se incorporarán as altas e o resto de modificacións (transferencias, cambios de domicilio e baixas) formalizadas no exercicio inmediatamente anterior.

2.- Será suxeito pasivo do imposto a persoa física ou xurídica e as entidades referidas no artigo 35.4 da LXT a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación, salvo que se acredite de maneira fidedigna que o vehículo foi transmitido antes do día primeiro do exercicio a que se refire o tributo esixido e que o transmitente lle comunicou á Xefatura Provincial de Tráfico a transmisión do vehículo.

3.- Para determinar a débeda tributaria que constará no padrón aplicarase o coeficiente de incremento aprobado na ordenanza fiscal do concello correspondente sobre as tarifas reguladas no Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

4.- A Administración do Estado determinará, con carácter xeral, o concepto das diversas clases de vehículos e as regras para a aplicación das tarifas do imposto. No seu defecto estarase ao que dispón o Regulamento xeral de vehículos polo que respecta ás diferentes clases de vehículos.

5.- Para os efectos de determinar as tarifas dos turismos a que fai referencia o artigo 95 do Real decreto lexislativo 2/2004, TRLRFL, a potencia fiscal expresada en cabalos fiscais será a establecida de acordo co que dispón o anexo V do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

6.- Non será necesario proceder á notificación individualizada das modificacións orixinadas por variación do coeficiente de incremento, aprobado por ordenanza fiscal, ou por modificación do cadro de tarifas por norma con rango de lei.

7.- As solicitudes de pagamento do imposto con carácter previo á matriculación ante a Xefatura Provincial de Tráfico tramitaranse por comparecencia do interesado ou de persoa autorizada por este nas oficinas da Deputación. Neste suposto a liquidación practicarase no momento da solicitude de pagamento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

8.- A Deputación comunicarlle á Xefatura de Tráfico os recibos que están sen pagar para que non se autoricen cambios de titularidade dos vehículos, cando conste no seu historial que está pendente de pagamento o imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ao ano inmediatamente anterior á realización do trámite.

9.- Nos supostos de primeiras adquisicións de vehículos o imposto poderase esixir en réxime de autoliquidación ou por presentación do interesado ou de persoa autorizada por este nas oficinas do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Excm. Deputación Provincial de Ourense. Igualmente, esixirase o imposto neste réxime no suposto de rehabilitación dun vehículo, cando esta se realizase en exercicios posteriores ao de tramitación da correspondente baixa. O ingreso poderase efectuar nas entidades bancarias colaboradoras.

Artigo 15.- Imposto sobre actividades económicas

1.- As listas cobratorias do IAE poranse a disposición do público nos respectivos concellos e nas oficinas tributarias da Deputación durante o período voluntario de cobranza. Publicarase o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

2.- As variacións da cota tributaria orixinadas pola modificación do coeficiente previsto no artigo 87 do Real decreto lexislativo 2/2004, TRLRFL, ou pola modificación das tarifas do imposto, non requirirán notificación individualizada xa que proceden de normas de aplicación xeral e obrigatoria no seu ámbito territorial.

3.- O imposto devíndicase o primeiro día do período impositivo, que coincide co ano natural, e as cotas serán irredutibles, salvo cando, nos casos de declaracións de alta, o día do comezo da actividade non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas se calcularán proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e nos casos de baixa por cese no exercicio da actividade, as cotas serán rateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cesamento. Para tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

Cando a baixa se comunique á Deputación estando o recibo aínda en período voluntario pendente de ingreso, o contribuínte poderá optar por aboar o recibo e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso ou ben solicitar a anulación do recibo e a emisión dunha liquidación polos trimestres que lle corresponda ingresar.

Cando a baixa se comunique una vez que o recibo se atope en período executivo, o contribuínte deberá aboar o importe de débeda e solicitar a devolución do importe ingresado en exceso; o dereito de devolución non incluírá neste caso, a recarga que se devindicara legalmente.

Artigo 16.- Taxas

1.- Os padróns das taxas de devindicación periódica, xa sexan propias da Deputación Provincial de Ourense o xa sexan daquelas cuxa xestión lle fora delegada, serán elaborados e aprobados pola Deputación Provincial de Ourense.

2.- As modificacións sobre os padróns aprobados, derivadas da variación de tarifas aprobadas por ordenanza fiscal municipal e aquelas incidencias que non constitúan alteración dos elementos esenciais determinantes da débeda tributaria, non requirirán notificación individualizada.

Artigo 17.- Aprobación e exposición pública dos padróns

1.- A aprobación dos padróns é competencia do presidente da Deputación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

2.- Os padróns, una vez aprobados, poranse a disposición dos concellos, nos que estarán a disposición do público.

3.- A exposición pública dos padróns é competencia da Deputación, en todos os supostos en que os concellos delegasen nela a notificación colectiva dos tributos de vencemento periódico. Levarase a cabo mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia. Os ditos anuncios poderán expoñerse, así mesmo, nos taboleiros de edictos dos concellos delegantes. O prazo de exposición pública das listas cobratorias será dun mes, contado a partir do día da publicación deste anuncio no BOP.

4.- As modificacións das bases impositivas orixinadas pola aplicación de modificacións introducidas pola lei e as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos serán notificadas colectivamente, ao amparo do que prevé a LXT, non sendo necesaria a notificación individualizada.

5.- Contra a exposición pública dos padróns e as liquidacións integrantes destes poderase interpor un recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, previo ao contencioso-administrativo, dentro do prazo dun mes, contando desde o día seguinte ao do remate do período de exposición pública das correspondentes listas cobratorias.

6.- Simultaneamente ao anuncio de exposición pública dos padróns e listas cobratorias publicarase no Boletín Oficial da Provincia o período de pagamento dos citados tributos. O anuncio de cobranza conterá:

- Organismo acredor.
- Concepto e exercicio.
- O prazo de ingreso en período voluntario.
- Lugar e forma de pago, así como os días e horario de ingreso.
- Advertencia de que, transcorridos os prazos sinalados como períodos de pagamento voluntario, as débedas entran en período executivo e poderán ser esixidas polo procedemento de constrinximento, percibirán as recargas do período executivo, xuros de demora e, se é o caso, as custas que se produzan.

O anuncio de cobranza poderá ser substituído por notificacións individuais.

Artigo 18.- Calendario fiscal

1.- A principios de cada exercicio aprobarase mediante resolución da Presidencia os períodos de pago dos tributos de vencemento periódico dos concellos e outras entidades de dereito público que delegaran as funcións de xestión e recadación tributaria a favor da Deputación Provincial.

2.- Con carácter xeral e ordinario, establécese que os períodos aproximados para pagar os tributos de carácter periódico serán en torno ás seguintes datas:

- Imposto sobre vehículos de tracción mecánica: de marzo a xuño.
- Imposto sobre bens inmobles: de xullo a outubro.
- Imposto sobre actividades económicas: de agosto a novembro.
- Taxas e prezos públicos: de xaneiro a decembro (varios períodos).

3.- As variacións nos períodos de pagamento apuntados no punto anterior serán, se é o caso, aprobadas polo presidente da Deputación, e non se admitirá a súa prórroga salvo que concorran circunstancias excepcionais.

4.- O calendario fiscal divulgarase a través dos medios que se consideren efectivos para facer chegar a información aos contribuíntes, e, en todo caso, será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación e estará exposto nas oficinas de xestión tributaria e recadación dependentes da administración provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Artigo 19.- Liquidacións de ingreso directo

1.- En relación cos tributos de cobro periódico practicarase liquidación de ingreso directo ou autoliquidación nestes casos:

a) Cando por primeira vez ocorran os feitos ou actos que poden orixinar a obrigaón de contribuír.

b) Cando a Deputación teña coñecemento por primeira vez da existencia do feito imponible, aínda que este se producise con anterioridade, e sen prexuízo das sancións e recargas que puidesen corresponder.

c) Cando se producisen modificacións nos elementos esenciais do tributo determinantes da base imponible, diferentes das aprobadas con carácter xeral por norma con rango de lei e da variación de tipos impositivos recollida nas ordenanzas fiscais.

2.- Na aprobación e notificación das liquidacións a que se refire este artigo será de aplicación o réxime xeral regulado no capítulo seguinte.

3.- Unha vez notificada a alta no padrón correspondente, notificaranse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos. A exposición pública dos padróns regulada no artigo 18 desta ordenanza constitúe o medio polo que a Deputación Provincial de Ourense realizará estas notificacións colectivas.

CAPÍTULO 2.- TRIBUTOS DE VENCEMENTO NON PERIÓDICO**Artigo 20.- Práctica de liquidacións**

1.- Nos termos regulados nas ordenanzas fiscais, e mediante aplicación dos respectivos tipos impositivos, practicarase liquidacións de ingreso directo cando, non estando establecido o procedemento de autoliquidación, a Deputación teña coñecemento da existencia de feitos impositivos respecto dos seguintes tributos:

a) Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

b) Imposto sobre construcións, instalacións e obras.

c) Taxas nos supostos de primeira ou única solicitude de prestación de servizos ou de realización dunha actividade administrativa.

d) Taxas nos supostos de primeira ou única utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público.

e) Contribucións especiais nos supostos de primeira ou única obtención dun beneficio ou dun aumento de valor dos bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou establecemento ou ampliación dos servizos públicos de carácter local polas entidades respectivas.

2.- A aprobación das liquidacións practicadas é competencia do presidente da Deputación. Para estes efectos elaborárase unha relación resumo por conceptos tributarios que será remitida á Intervención Provincial para a súa toma de razón e contabilización.

Artigo 21.- Presentación de declaración

1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as declaracións previstas na lei ou nas respectivas ordenanzas fiscais locais, excepto cando a Deputación ou o concello aprobase un convenio de colaboración con terceiros polo cal se exonere aos obrigados tributarios de informaren á Administración dos feitos ou actos con relevancia tributaria nos que interviñesen.

2.- A Deputación, como Administración xestora, establecerá os procedementos para ter coñecemento da existencia de feitos impositivos que orixinen o pagamento dos tributos referidos no artigo anterior.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Con esta finalidade solicitarase información de notarios, rexistradores da propiedade, oficinas liquidadoras do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; todo iso, a fin de coñecer as transmisións de dominio e a realización de obras.

3.- Cando os obrigados a presentar declaracións o fagan fóra de prazo, de forma incompleta ou incorrecta, e as ditas declaracións sexan documentos necesarios para a práctica de liquidacións de tributos que non se esixen por autoliquidación, o incumprimento da obrigaón de declarar constituirá infracción leve, grave ou moi grave, de acordo co previsto no artigo 192 da LXT.

4.- A Deputación verificará o incumprimento das obrigaóns relacionadas no punto anterior, e poderá impor a sanción correspondente.

Artigo 22.- Notificación das liquidacións de ingreso directo

1.- As notificacións de liquidacións de ingreso directo dirixiranse aos obrigados tributarios correspondentes co contido fixado no artigo 102 da Lei xeral tributaria.

2.- A notificación practicarase por calquera medio que permita ter constancia da recepción, así como a data, a identidade do receptor e o contido do acto notificado, no lugar e forma que establecen os artigos 110 a 112 da Lei xeral tributaria.

CAPÍTULO 3.- CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS

Artigo 23.-Solicitud

1.- Corresponderalle ao presidente da Deputación Provincial de Ourense a concesión ou denegación de beneficios fiscais.

2.- Salvo previsión legal expresa en contrario, a concesión de beneficios fiscais terá carácter rogado, polo que o procedemento para o recoñecemento destes se iniciará a instancia do obrigado tributario mediante solicitud á que se xuntarán os documentos e xustificantes esixibles así como a documentación que o interesado crea conveniente achegar. A solicitud formularase no modo e prazo fixado legalmente ou nas respectivas ordenanzas fiscais.

3.- A comprobación dos requisitos esixibles para a concesión dun beneficio fiscal realizarase de acordo cos datos e documentos que se esixan na normativa reguladora do beneficio fiscal e os datos que declaren ou subministren terceiras persoas ou que poida obter a Administración tributaria mediante requirimento ao propio obrigado e a outros obrigados tributarios. A proba da concorrencia dos requisitos establecidos pola normativa de cada tributo para o goce dos beneficios fiscais correspóndelle ao suxeito pasivo.

4.- A bonificación que puidese establecerse, se é o caso, a favor dos suxeitos pasivos que domicilien os seus recibos de vencemento periódico, aplicaraa a Deputación, sen necesidade de solicitud previa. Se a domiciliación non fose atendida esixirase a cota total.

Artigo 24.- Tramitación

1.- As solicitudes de beneficios fiscais cuxa tramitación corresponda á Deputación Provincial de Ourense serán analizadas polo Servizo Provincial de Xestión Tributaria e Recadación.

2.- Con carácter previo á concesión ou denegación do beneficio fiscal, se resultara necesario coñecer datos sobre o uso ou destino do obxecto tributario ou outros elementos de transcendencia tributaria, a Deputación solicitará informe ao concello ou ás administracións públicas competentes.

3.- Cando se trate de beneficios fiscais que deban outorgarse de oficio aplicaranse no momento de practicar a liquidación, sempre que se dispoña da información acreditativa dos requisitos esixidos para o seu goce.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

4.- Salvo que a normativa aplicable estableza outra cousa, o recoñecemento dos beneficios fiscais producirá efectos desde o momento da súa concesión. Non obstante o anterior, no suposto de altas ou modificacións de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, presentada a solicitude en prazo, o recoñecemento do dereito ao beneficio fiscal producirá efectos na primeira liquidación.

5.- Salvo disposición expresa en contrario, unha vez concedido un beneficio fiscal non será preciso reiterar a solicitude para a súa aplicación en períodos futuros, se non existira modificación nas circunstancias que xustificaron a súa concesión.

6.- O procedemento para o recoñecemento de beneficios fiscais rematará por resolución na que se recoñeza ou se denegue a aplicación do beneficio fiscal. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será o que estableza a normativa reguladora do beneficio fiscal, e, no seu defecto, será de seis meses. Unha vez transcorrido o prazo para resolver sen notificar a resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada.

CAPÍTULO 4.- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

Artigo 25.- Aprazamentos e fraccionamentos

A tramitación dos aprazamentos e fraccionamentos de pago someterase ao disposto nos artigos 65 e 82 da Lei xeral tributaria e 44 a 54 do Regulamento xeral de recadación. No non previsto na normativa anterior, serán de aplicación as regras que se detallan nos artigos seguintes.

Artigo 26.- Solicitude

1.- A solicitude de aprazamento e fraccionamento, que deberá realizarse por escrito e conter os datos e acompañar a documentación establecida no artigo 46 do Regulamento xeral de recadación, dirixirase ao presidente da Deputación Provincial, que será o órgano competente para a súa resolución.

2.- As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento presentaranse dentro dos prazos seguintes:

- a) Débedas que se atopen en período voluntario, durante o prazo deste.
- b) Débedas que se atopen en período executivo, en calquera momento anterior ao acordo de alleamento dos bens embargados.

3.- Á solicitude deberá acompañarse a documentación e xustificantes que se consideren oportunos que xustifiquen a existencia de dificultades económico-financeiras que lle impidan de forma transitoria efectuar o pago no prazo establecido.

Artigo 27.- Garantías

1.- Con carácter xeral, o solicitante deberá achegar garantía nos termos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no Regulamento xeral de recadación.

2.- Non obstante o anterior, non se esixirá garantía para as solicitudes de aprazamento e fraccionamento por importe inferior a 18.000 euros e se atopen tanto en período voluntario como executivo, sen prexuízo do mantemento, neste último caso, das trabas existentes sobre bens e dereitos do debedor no momento de presentación da solicitude.

Para os efectos de determinación da contía sinalada, acumularanse no momento da solicitude, tanto as débedas a que se refire a propia solicitude como outras calquera do mesmo debedor para as que se solicitara e aínda non se resolvera o aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes de ingreso das débedas aprazadas ou fraccionadas, salvo que estean debidamente garantidas.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

3.- A garantía deberá achegarse no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión. Unha vez transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a solicitude foi presentada en período voluntario de ingreso, iniciarase o período executivo ao día seguinte daquel en que finalizou o prazo para a formalización das garantías, debendo iniciarse o procedemento de constrinximento, esixíndose o ingreso do principal da débeda e a recarga do período executivo.

Procederase á liquidación dos xuros de demora devindicados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data de fin do prazo para a formalización das garantías sen prexuízo dos que se devindiquen posteriormente en virtude do disposto no artigo 26 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

b) Se a solicitude foi presentada en período executivo de ingreso, deberá continuar o procedemento de constrinximento.

4.- A garantía que se constituirá cubrirá o importe total da débeda para aprazar ou fraccionar, máis os xuros de demora que xere o aprazamento ou fraccionamento e un vinte e cinco por cento da suma de ambas as partidas.

5.- A garantía consistirá con carácter xeral en aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. Poderanse admitir outras garantías cando se acrediten dificultades para achegala nalgunha das formas indicadas.

6.- En casos excepcionais poderá acordarse a dispensa total ou parcial de garantías cando o obrigado alegue e xustifique a imposibilidade de prestala.

Artigo 28.- Criterios xerais de concesión

1.- Serán aprazables ou fraccionables aquelas débedas de importe superior a 50,00 euros.

2.- A concesión do aprazamento ou fraccionamento outorgarase de forma automática para débedas de contía inferior a 18.000,00 euros, substituíndose a presentación de documentos xustificativos pola simple declaración responsable da existencia de dificultades económico - financeiras que impidan de forma transitoria efectuar o pago no prazo establecido.

3.- Como regra xeral, o prazo máximo de duración do aprazamento ou fraccionamento será de ata doce meses. Non obstante, para débedas superiores a 3.000,00 €, este prazo poderá ampliarse ata os vinte e catro meses.

4.- O número mínimo de fraccións será de dous e o máximo de doce ou, se é o caso, vinte e catro.

5.- A concesión do aprazamento ou fraccionamento da débeda requirirá que o solicitante domicilie o pago da débeda ou dos sucesivos prazos.

6.- O acordo de concesión especificará a garantía que o solicitante deberá achegar ou, se é o caso, a dispensa desta obrigaón.

Artigo 29.- Xuros por aprazamento ou fraccionamento

1.- As cantidades cuxo pago se aprace ou fraccione, excluído, se é o caso, a recarga de constrinximento, devindicarán xuros de demora polo tempo que dure o aprazamento ou fraccionamento.

2.- Na aplicación do punto anterior teranse en conta as seguintes regras:

a) O tempo de aprazamento compútase desde o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo concedido.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

b) En caso de fraccionamento, computaranse os xuros devindicados por cada fracción desde o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo concedido para o seu ingreso, debéndose satisfacer xunto coa dita fracción.

3.- En caso de que o aprazamento ou fraccionamento sexa superior ao ano e, polo tanto, se descoñeza o tipo de xuro aplicable, calcularase este con base no tipo vixente e posteriormente regularizase se se modificara o tipo de xuro aplicable.

4.- En caso de denegación do aprazamento ou fraccionamento de débedas:

a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse os xuros de demora devindicados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do ingreso realizado durante o prazo aberto coa notificación da denegación.

b) Se foi solicitado en período executivo, liquidaranse os xuros unha vez realizado o pago, de conformidade co establecido no artigo 72 do Regulamento xeral de recadación.

5.- Cando a totalidade da débeda aprazada ou fraccionada se garantira con aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante certificado de seguro de caución, o interese de demora esixible será o interese legal.

Artigo 30.- Efectos da falta de pago

1.- Nos aprazamentos, a falta de pago ao seu vencemento das cantidades aprazadas determinará:

a) Se a débeda se atopaba en período voluntario no momento de conceder o aprazamento, iniciarase o período executivo ao día seguinte do vencemento do prazo incumprido, debendo iniciarse o procedemento de constrinximento.

b) Se a débeda se atopaba en período executivo, a continuación do procedemento de constrinximento.

2.- Nos fraccionamentos con dispensa total de garantías ou con garantías constituídas sobre o conxunto das fraccións, a falta de pago dun prazo determinará:

a) Se a fracción incumprida incluíse débedas en período voluntario no momento de presentarse a solicitude, iniciarase o procedemento de constrinximento respecto desa fracción incumprida, esixíndose o importe da dita fracción incumprida, máis os xuros de demora devindicados desde o vencemento do período voluntario e a recarga do período executivo sobre a suma de ambos os conceptos.

De non se ingresaren as cantidades referidas no parágrafo anterior, consideraranse vencidas o resto das fraccións pendentes, iniciándose o procedemento de constrinximento respecto de toda a débeda.

b) Se a fracción incumprida incluíse débedas en período executivo no momento de presentarse a solicitude, continuarase o procedemento de constrinximento respecto da totalidade da débeda incluída no acordo de fraccionamento que se atopase en período executivo no momento de presentarse a solicitude.

3.- Se nos fraccionamentos as garantías se constituirán con carácter parcial e independente para unha ou varias fraccións e chegado o vencemento dunha fracción non se efectuara o pago, as consecuencias serán as seguintes:

a) Se a fracción incumprida incluíse débedas en período executivo de ingreso no momento de presentarse a solicitude, producirase o vencemento da totalidade das fraccións ás que estenda os seus efectos a garantía parcial e independente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Se a garantía parcial estendese os seus efectos a fraccións que inclúsen débedas en período executivo de ingreso e a fraccións que inclúsen débedas en período voluntario de ingreso no momento de solicitarse o fraccionamento, deberase continuar o procedemento de constrinximento respecto das primeiras e, respecto das segundas, deberá iniciarse o procedemento de constrinximento e esixíranse os xuros de demora devindicados a partir do día seguinte ao do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario ata a data do vencemento de pago da fracción incumprida.

b) Se a fracción incumprida inclúse débedas en período voluntario de ingreso no momento de presentarse a solicitude, as consecuencias en relación coa fracción incumprida e co resto das fraccións pendentes ás que estenda os seus efectos a garantía parcial e independente serán as establecidas no apartado 2.b).

CAPÍTULO 5.- PRESCRICIÓN E COMPENSACIÓN

Artigo 31.- Prescrición

1.- A prescrición dos dereitos da Deputación Provincial de Ourense e dos dereitos dos concellos e demais entidades de dereito público que teñan delegada na Deputación a xestión e recadación destes aplicarase de oficio e será aprobada polo presidente da Deputación, a proposta do tesoureiro, á vista do informe do xefe do servizo de Xestión Tributaria e Recadación, previa fiscalización da Intervención Xeral.

2.- Prescribirán aos catro anos os seguintes dereitos:

- a) O dereito da administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.*
- b) O dereito da administración para esixir o pago das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas.*
- c) O dereito a solicitar as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.*
- d) O dereito a obter as devolucións derivadas da normativa de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.*

3.- O prazo de prescrición das débedas non tributarias determinarase con base na normativa particular que regule a xestión destas.

4.- Para o cómputo e a interrupción dos prazos de prescrición ateranse ao disposto nos artigos 67 e 68 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

5.- A prescrición gañada extingue a débeda.

Artigo 32.- Compensación

1.- As débedas dun obrigado tributario poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación con créditos recoñecidos por acto administrativo a favor do mesmo obrigado, nas condicións que se establezan na Lei 58/2003, xeral tributaria, e a normativa regulamentaria de desenvolvemento.

2.- Cando a compensación afecte a débedas en período voluntario, será necesario que a solicite o debedor. Non obstante, poderán compensarse de oficio durante o prazo de ingreso en período voluntario:

- a) As cantidades para ingresar e para devolver que resulten dun mesmo procedemento de comprobación limitada ou inspección.*
- b) As cantidades a ingresar e a devolver que resulten da práctica dunha nova liquidación por ser anulada outra anterior de acordo co disposto no apartado 5 do artigo 26 da Lei Xeral Tributaria.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

3.- Cando as débedas se atopen en período executivo, o presidente, a proposta do tesoureiro, pode acordar a compensación, que se practicará de oficio e será notificada ao debedor.

Artigo 33.- Compensación de oficio das débedas de entidades dereito público

1.- As débedas a favor da Deputación, cando o debedor sexa un ente territorial, organismo autónomo, Seguridade Social ou entidade de dereito público, cuxa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario.

2.- O procedemento a seguir para aplicar a compensación será o que se establece no artigo 73.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e 57 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

CAPÍTULO 6.- CRÉDITOS INCOBRABLES

Artigo 34.- Créditos incobrables

1.- Considéranse créditos incobrables por insolvencia aqueles nos que, unha vez realizadas cantas xestións se consideren necesarias para facelos efectivos, se evidencie a insolvencia dos obrigados ao pago, e, polo tanto, a súa imposibilidade de cobro.

2.- Para os efectos de declaración de créditos incobrables, o Servizo de Xestión Tributaria e Recadación Provincial documentará debidamente os expedientes, en función da contía destes, formulando proposta que, coa conformidade do Tesoureiro, se someterá á aprobación da Presidencia da Deputación Provincial.

3.- Cando se declaren falidos os obrigados ao pagamento e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, en tanto non se rehabiliten no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilitara no antedito prazo.

4.- Se o Servizo de Recadación Provincial coñecera da solvencia sobrevinda do debedor, propondrá, coa conformidade do tesoureiro, a rehabilitación dos créditos ao presidente da Deputación. Unha vez aprobada, deberá facerse un novo cargo dos citados valores para que se inicie a xestión recadatoria destes.

5.- Declarado falido un debedor, os créditos contra este de vencemento posterior á declaración consideraranse vencidas e poderanse dar de baixa por referencia a dita declaración, se non existen outros obrigados ou responsables.

Artigo 35.- Xustificación das actuacións

1.-. Con base en criterios de economía e eficacia na xestión recadadora, e coa finalidade de conxugar o respecto ao principio de legalidade co de eficacia administrativa, establécense deseguido os requisitos e condicións que deberán verificarse con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables, en función dos importes e características da débeda:

1.1.- Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa inferior a 150,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

- *Inexistencia de ningún crédito a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.*
- *Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en sete entidades financeiras.*

Non obstante o anterior, non será esixibles estes requisitos nos supostos previstos no artigo 12 da presente ordenanza.

1.2.- Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 150,01 € e inferior a 600,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- *Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.*
- *Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.*
- *Inexistencia de crédito algún a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.*
- *Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en sete entidades financeiras.*
- *Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.*
- *Embargo, con resultado negativo, durante 24 meses, de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido a Deputación Provincial de Ourense.*

1.3.- Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 600,01 € e inferior a 3.000,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- *Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.*
- *Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.*
- *Inexistencia de ningún crédito a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.*
- *Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en sete entidades financeiras.*
- *Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.*
- *Embargo, con resultado negativo, durante 24 meses, de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido a Deputación Provincial de Ourense.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas, e no do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

1.4.- Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 3.000,01 €.

Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.

- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

- Inexistencia de ningún crédito a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en sete entidades financeiras.

- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións, no caso de persoas físicas.

- Embargo, con resultado negativo, durante 24 meses, de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido a Deputación Provincial de Ourense.

- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre actividades económicas, e no do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

- Deberase acreditar que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índices Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros rexistros públicos.

- Cando se trate de débedas que figuren a nome de persoas xurídicas, deberanse constatar no expediente as actuacións realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.

2.- Cando, iniciado o período executivo, non se dispoña do número de identificación fiscal do debedor, ou ben dalgún outro dato que imperativamente deba conter a providencia de constrinximento, os expedientes serán automaticamente dados de baixa definitiva mediante a declaración dos correspondentes créditos como incobrables, dando conta da resolución adoptada ao servizo liquidador competente.

3.- Para os efectos de determinar a contía a que se refíren os apartados anteriores, computarase o importe de todas as débedas dun mesmo contribuínte por calquera concepto que se atopen pendentes de pagamento, con exclusión das recargas e os xuros do período executivo, e sempre que se ditase con anterioridade a providencia de constrinximento. Para estes efectos, non se terán en conta os importes correspondentes a multas por infraccións en materia de tráfico e seguridade viaria.

Non obstante, poderase pospor a proposta de declaración de crédito incobrable dentro do prazo de prescrición, nos casos nos que o incremento da contía pola posible acumulación de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

débedas de vencemento periódico poida permitir unha tramitación máis rigorosa do expediente segundo o que se establece no apartado anterior.

4.- As normas contidas neste artigo polas que se fixan as condicións para a declaración de falido dos debedores constitúen procedementos tipo para a mellora da eficiencia recadadora da Deputación Provincial de Ourense e poderán excepcionalmente cando razóns de oportunidade así o aconsellen, non sendo en ningún caso invocable o seu cumprimento polos administrados, para os efectos de ser declarados insolventes.

TÍTULO IV.- RECADACIÓN
CAPÍTULO 1º - ASPECTOS XERAIS

Artigo 36.- Órganos de recadación

A Deputación determinará, de acordo co previsto na súa estrutura orgánica básica, os órganos e unidades administrativas competentes para o exercicio das competencias e funcións de recadación, tendo en conta, en todo caso, as regras establecidas na presente ordenanza.

Artigo 37.- Sistema de recadación

1.- A recadación de tributos e outros ingresos de dereito público realizarase en período voluntario a través das entidades colaboradoras e outros medios técnicos, que se indicarán no documento - notificación remitido ao domicilio do contribuínte, documento que será apto e suficiente para permitir o ingreso polos medios descritos.

2.- No caso de tributos e prezos públicos periódicos, o documento informativo da débeda e do inicio do período voluntario de cobro e que poderá ser utilizado como documento de pagamento, remitirase por correo ordinario, sen xustificante de recepción, dado que non é preceptivo o acreditar a recepción polo suxeito pasivo. Se non se recibira tal documento, o contribuínte poderá solicitar un duplicado nas oficinas de recadación da Deputación Provincial de Ourense.

3.- Nos supostos de tributos de vencemento periódico, unha vez notificada a alta no correspondente rexistro, padrón ou matrícula, as cotas sucesivas deberán ser satisfeitas nos prazos fixados no calendario de cobranza, sen que sexa opoñible ao comezo da vía de constrinximento a non recepción do documento de pagamento. Para estes efectos, entenderase por alta no correspondente rexistro a primeira incorporación do propio obxecto tributario, e non se considerarán como tales os cambios de titularidade dos obrigados tributarios.

Artigo 38.- Entidades colaboradoras

Son entidades colaboradoras na recadación as entidades de crédito autorizadas para exercer esta colaboración. A autorización de novas entidades de colaboración realizarase mediante resolución do presidente da Deputación.

CAPÍTULO 2.- XESTIÓN RECADATORIA
SECCIÓN 1.- NORMAS COMÚNS

Artigo 39.- Principios xerais

A Deputación, para a cobranza dos tributos e das cantidades que como ingresos de dereito público teña delegados ou encomendados, tales como prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, multas e sancións pecuniarias, ostenta as prerrogativas establecidas legalmente para a facenda do Estado, ao abeiro do previsto no artigo 2.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 40.- Obrigados tributarios

Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade, nos termos, condicións e alcance que establezan o Texto refundido da Lei

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

reguladora das facendas locais, a Lei xeral tributaria, e a normativa regulamentaria de desenvolvemento.

Artigo 41.- Forma de pago

O pago das débedas poderá realizarse nas entidades que, se é o caso, presten o servizo de caixa e entidades colaboradoras, directamente ou por vía telemática, cando así estea establecido polo órgano provincial competente. O pagamento poderá realizarse tamén nas oficinas provinciais, para os tributos ou ingresos de Dereito público nos que expresamente se prevea esta posibilidade.

Artigo 42.- Lexitimación para efectuar o pagamento

A actuación material de pagamento pode realizarse por calquera dos obrigados, e tamén, por terceiras persoas con plenos efectos extintivos da débeda. Cando o pagamento se realice materialmente por terceiras persoas, entenderase realizado por conta do obrigado tributario, e os seus efectos imputaranse exclusivamente a este.

SECCIÓN 2.- PARTICULARIDADES DA RECADACIÓN VOLUNTARIA

Artigo 43.- Prazos de ingreso en período de pagamento voluntario

1.- O prazo de ingreso en período voluntario das débedas de notificación colectiva e periódica será o determinado pola Deputación no calendario de cobro que será exposto na súa sede electrónica e nas oficinas de xestión e recadación tributaria dependentes da Deputación.

2.- No documento de pagamento dirixido ao suxeito pasivo indicarse o prazo de ingreso en período voluntario das débedas por liquidacións de ingreso directo, sen que poida ser inferior ao prazo establecido na Lei xeral tributaria. Se no momento da recepción do documento de pagamento, a data de validez do devandito documento fose inferior ao prazo legal, o obrigado ao pagamento poderá solicitar un novo para efectuar o ingreso.

3.- As débedas de dereito público por conceptos diferentes dos regulados nos puntos anteriores terán que pagarse nos prazos que determinan as normas de acordo coas cales estas débedas se esixen.

4.- As débedas non satisfeitas nos períodos indicados esixiranse en vía de constrinximento, con esixencia das recargas do período executivo e, se procede, dos xuros de demora e as custas do procedemento. As cantidades satisfeitas fóra do prazo voluntario computaranse como pagamentos a conta.

Artigo 44.- Domiciliación bancaria

1.- O pagamento dos tributos locais de vencemento periódico poderá realizarse mediante domiciliación bancaria, sen ningún custo para os obrigados tributarios.

2.- Nos supostos de recibos domiciliados, non se remitirá ao domicilio do contribuínte o documento de pagamento; alternativamente, os datos da débeda incorporaranse no soporte magnético que orixine o correspondente cargo bancario, e a entidade financeira deberá expedir e remitir o comprobante de cargo en conta.

3.- A domiciliación de recibos terá validez por tempo indefinido en tanto non sexan anuladas polo interesado, rexeitadas pola entidade de crédito ou a Deputación Provincial dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas.

4.- Poderase solicitar a domiciliación nas entidades de crédito no momento do pagamento do recibo ou nas oficinas da Deputación, sempre que se formalice dous meses antes do inicio do período voluntario de cobro; en caso contrario, producirá efectos a partir do período de cobranza seguinte.

SECCIÓN 3.- PARTICULARIDADES DA RECADACIÓN EXECUTIVA

Artigo 45.- Iniciación do período executivo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

1.- *O período executivo iníciase:*

a) *No caso de débedas liquidadas pola Administración tributaria, ao día seguinte ao do vencemento do prazo establecido para o seu ingreso en período voluntario.*

b) *No caso de débedas para ingresar mediante autoliquidación, ao día seguinte da finalización do prazo que estableza a normativa de cada tributo para o dito ingreso ou, se este xa concluíra, o día seguinte á presentación da autoliquidación.*

2.- *A presentación dunha solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación dos ditos expedientes.*

A interposición dun recurso ou reclamación en tempo e forma contra unha sanción impedirá o inicio do período executivo ata que a sanción sexa firme en vía administrativa e finalice o prazo para o ingreso voluntario do pago.

3.- *Iniciado o período executivo, a Administración tributaria efectuará a recadación das débedas liquidadas ou autoliquidadas ás que se refire o apartado 1 deste artigo polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do obrigado ao pago.*

4.- *O procedemento de constrinximento iniciarase cando se notifique ao debedor a providencia de constrinximento ditada polo tesoureiro provincial.*

5.- *O inicio do período executivo determinará a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.*

6.- *O procedemento de constrinximento terá carácter exclusivamente administrativo e tramitarase da maneira regulada na Lei xeral tributaria, e a normativa regulamentaria de desenvolvemento.*

Artigo 46.- Recargas do período executivo

1.- *As recargas do período executivo devíndanse co inicio do dito período.*

As recargas do período executivo son de tres tipos: a recarga executiva, a recarga de constrinximento reducido e a recarga de constrinximento ordinaria.

As ditas recargas son incompatibles entre si e calcúlanse sobre a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario.

2.- *A recarga executiva será do 5% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento.*

3.- *A recarga de constrinximento reducida será do 10% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga antes da finalización do prazo previsto no artigo 62.5 da LXT.*

4.- *A recarga de constrinximento ordinaria será do 20% e aplicarase cando non concorran os supostos dos apartados anteriores. Unicamente esta recarga é compatible cos xuros de demora devindicados desde o inicio do período executivo.*

Artigo 47.- Prazos de ingreso

1.- *Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pago da débeda tributaria deberá efectuarse nos seguintes prazos:*

a) *Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do dito mes ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.*

b) *Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

2.- *Se o obrigado tributario non efectuara o pago dentro do prazo ao que se refire o apartado anterior, procederase ao embargo dos seus bens, advertíndose así na providencia de constrinximento.*

3.- *Se existiran varias débedas dun mesmo obrigado tributario, acumularanse a fin de seguir un único procedemento de constrinximento. No suposto de obterse ou realizarse ingresos no procedemento de constrinximento que non cubran a totalidade da débeda, calquera que fose a súa orixe, aplicarase ás débedas máis antigas. A antigüidade determinarase en función da data de vencemento do período voluntario*

Artigo 48.- Providencia de constrinximento

1.- *A providencia de constrinximento será título suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios.*

A competencia para ditar a providencia de constrinximento corresponde ao tesoureiro da Deputación.

2.- *A providencia de constrinximento poderá ser impugnada en reposición ante o tesoureiro provincial polos seguintes motivos:*

- a) *Extinción total da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pago.*
- b) *Solicitud de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.*
- c) *Falta de notificación da liquidación.*
- d) *Anulación da liquidación.*
- e) *Erro ou omisión no contido da providencia de constrinximento que impida a identificación do debedor ou da débeda constrinxida.*

3.- *De acordo co disposto no artigo 165 da Lei xeral tributaria, o procedemento de constrinximento suspenderase na forma e cos requisitos previstos nas disposicións reguladoras dos recursos e reclamacións económico-administrativas, e nos restantes supostos previstos na normativa tributaria.*

Artigo 49.- Dilixencia de embargo

1.- *Transcorrido o prazo sinalado no artigo 62.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen realizarse o ingreso requirido, procederase, en cumprimento do mandato contido na providencia de constrinximento, ao embargo dos bens e dereitos que procedan, sempre a execución de garantías fose insuficiente para o pagamento da débeda ou fose previsible de forma motivada que da devandita execución non resultará líquido suficiente para cubrir a débeda.*

2.- *Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia de embargo, que será expedida polo Tesoureiro da Deputación.*

3.- *As débedas dun mesmo obrigado ao pagamento poderán acumularse nunha dilixencia de embargo. Cando as necesidades do procedemento o esixan, procederase á segregación das débedas acumuladas.*

4.- *Contra a dilixencia de embargo só serán admisibles os seguintes motivos de oposición:*

- a) *Extinción da débeda ou prescrición do dereito a esixir o pagamento.*
- b) *Falta de notificación da providencia de constrinximento.*
- c) *Incumprimento das normas reguladoras do embargo contidas na LXT.*
- d) *Suspensión do procedemento de recadación.*

Artigo 50.- Execución de bens embargados. Mesa de poxa de bens embargados

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

A execución dos bens embargados rexerá polo establecido na normativa estatal de recadación executiva.

A mesa de poxa de bens estará integrada polo tesoureiro provincial, como presidente desta, o secretario xeral, que actuará como secretario, e o xefe do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, que actuará como vogal, ou polos funcionarios que legalmente os substitúan.

Artigo 51.- Xuros de demora e custas do procedemento

A) Xuros de demora

1.- O xuro de demora é unha prestación accesoria que se esixirá aos obrigados tributarios e aos suxeitos infractores como consecuencia da realización dun pagamento fóra de prazo ou da presentación dunha autoliquidación ou declaración da que resulte unha cantidade para ingresar unha vez finalizado o prazo establecido ao efecto na normativa tributaria, do cobro dunha devolución improcedente ou no resto de casos previstos na normativa tributaria.

A esixencia do xuro de demora tributario non require a previa intimación da Administración nin a concorrencia dun atraso culpable no obrigado.

2.- O xuro de demora esixirase e calcularase conforme ao previsto no artigo 26 da LXT.

3.- Con carácter xeral, de conformidade co artigo 72.4.b) do Regulamento xeral de recadación, liquidaranse e esixiranse os xuros no momento do pagamento da débeda constringida.

B) Custas do procedemento

1.- Teñen a consideración de custas do procedemento de constringimento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. Estas custas serán esixidas ao obrigado ao pagamento.

2.- Como custas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

a) Os gastos orixinados polas notificacións que necesariamente haxan de realizarse.

b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.

c) Os honorarios dos rexistradores e demais gastos que deban aboarse polas actuacións nos rexistros públicos.

d) Os que deban aboarse por depósito e administración de bens embargados.

e) Os demais gastos que esixa e requira a propia execución.

TÍTULO V.- A INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Artigo 52.- Obxecto do procedemento de inspección

1.- A Deputación Provincial de Ourense, no exercicio de funcións delegadas polas entidades locais da provincia e outras administracións públicas, levará a cabo a función de comprobar e investigar a situación tributaria dos distintos suxeitos pasivos ou demais obrigados tributarios co fin de verificar o exacto cumprimento das súas obrigas e deberes para coas facendas locais, polos tributos que integran o sistema tributario local, procedendo, se é o caso, á regularización correspondente mediante a práctica dunha ou varias liquidacións.

2.- A comprobación terá por obxecto os actos, elementos e valoracións consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións.

3.- A investigación terá por obxecto descubrir a existencia, se é o caso, de feitos con relevancia tributaria non declarados ou declarados incorrectamente polos obrigados tributarios.

Artigo 53.- Funcións e facultades

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

1.- *As funcións e facultades da Inspección Tributaria da Deputación Provincial de Ourense serán as previstas na Lei xeral tributaria e as súas disposicións de desenvolvemento.*

2.- *O exercicio das funcións propias da inspección tributaria adecuaranse ao Plan de inspección aprobado anualmente polo presidente da Deputación Provincial.*

Artigo 54.- Persoal inspector

1.- *As actuacións inspectoras sinaladas no artigo anterior, realízanse polo persoal debidamente autorizado pola Deputación, baixo a inmediata supervisión do xefe de Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, quen dirixirá, impulsará e coordinará o seu funcionamento.*

2.- *Os funcionarios, no exercicio das funcións inspectoras, serán considerados axentes da autoridade, para os efectos da responsabilidade administrativa e penal de quen ofrezan resistencia ou cometan atentado ou desacato contra eles, de feito ou de palabra, en actos de servizo ou con motivo deste.*

3.- *As autoridades, calquera que sexa a súa natureza, e quen en xeral exerzan funcións públicas, deberán prestar ao persoal da Inspección Tributaria Provincial, á súa petición, o auxilio e protección que lles sexan precisos.*

4.- *Proverase ao persoal inspector dun carné ou outra identificación que lles acredite para o desempeño do seu posto de traballo.*

Artigo 55.- Documentación das actuacións da inspección

1.- *As actuacións da inspección dos tributos documentaranse en comunicacións, dilixencias, informes e actas.*

2.- *As actas son os documentos públicos que estende a inspección dos tributos co fin de recoller o resultado das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, propoñendo a regularización que estime procedente da situación tributaria do obrigado ou declarando correcta esta.*

Artigo 56.- Lugar e tempo das actuacións

As actuacións inspectoras deberán desenvolverse de acordo co previsto nos artigos 151 e 152 da Lei xeral tributaria.

Artigo 57.- Inicio das actuacións e plans de inspección

1.- *O procedemento de inspección iniciárase:*

a) *De oficio, por propia iniciativa da inspección.*

b) *A petición do obrigado tributario, pero só a efectos de converter en xeral a comprobación de carácter parcial en curso.*

2.- *O exercicio das funcións propias da Inspección dos Tributos adecuarase ao correspondente Plan de inspección que será elaborado anualmente. A súa aprobación corresponderalle á Presidencia da Deputación Provincial.*

3.- *O Plan de inspección en curso poderá ser obxecto de revisión, de oficio ou a proposta doutros órganos.*

4.- *Os plans de inspección, os medios informáticos de tratamento da información e os demais sistemas de selección dos obrigados tributarios que vaian ser obxecto das actuacións inspectoras terán carácter reservado, non serán obxecto de publicidade ou de comunicación nin se porán de manifesto aos obrigados tributarios nin a órganos alleos á aplicación dos tributos.*

5.- *As actuacións inspectoras deberán proseguir ata o seu remate, nun prazo máximo de doce meses, sen contar as dilacións imputables aos interesados nin os períodos de interrupción xustificada. Non obstante, poderase acordar a ampliación do prazo de duración do*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

procedemento de inspección nos termos previstos no artigo 184 do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

6.- En canto á iniciación, desenvolvemento e remate das actuacións inspectoras, ateranse ao disposto na LXT e RXR.

TÍTULO VI.- REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

Artigo 58.- Medios de revisión

1.- De conformidade co determinado polos artigos 14 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, 108 e 110 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, en materia de tributación local, os actos e actuacións de aplicación dos tributos e demais ingresos de dereito público poderán revisarse mediante:

a) Os procedementos especiais de revisión regulados nos artigos 216 a 221 da LXT e Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

b) O recurso de reposición preceptivo.

Todo isto, sen prexuízo dos supostos en que por lei se determine a posibilidade de interpoñer reclamación económico-administrativa, contra actos dimanantes da xestión do imposto sobre bens inmoables e do imposto sobre actividades económicas.

2.- En ningún caso serán revisables en vía administrativa os actos de aplicación de tributos e imposición de sancións confirmados por sentenza xudicial firme.

Artigo 59.- Procedementos especiais de revisión

Son procedementos especiais de revisión:

1.- Revisión de actos nulos de pleno dereito.

2.- Declaración de lesividade de actos anulables.

3.- Revogación.

4.- Rectificación de erros.

5.- Devolución de ingresos indebidos.

Artigo 60.- Declaración de nulidade de pleno dereito

1.- A Deputación poderá declarar a nulidade de pleno dereito dos actos ditados en materia tributaria que puxesen fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, nos supostos e polo procedemento previstos no artigo 217 da Lei xeral tributaria e 4 a 6 do Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

2.- O procedemento de nulidade poderá iniciarse por acordo do órgano que ditou o acto ou do seu superior xerárquico, ou a instancia do interesado. No procedemento daráselle audiencia ao interesado e serán oídos aqueles a quen recoñeceu dereitos o acto ou cuxos intereses resultaron afectados por este.

3.- A resolución deste procedemento corresponderalle ao Presidente da Deputación, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia.

4.- O prazo máximo para notificar resolución expresa será dun ano desde que presente a solicitude o interesado ou desde que se lle notifique o acordo de iniciación de oficio do procedemento. Unha vez transcorrido o devandito prazo producirase a caducidade se o procedemento se iniciou de oficio, ou a desestimación por silencio administrativo da solicitude se o procedemento se iniciou a instancia do interesado.

Artigo 61.- Declaración de lesividade de actos anulables

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

1.- *Fóra dos casos de nulidade de pleno dereito e dos supostos de erros materiais, de feito ou aritméticos, previstos nos artigos 217 e 220 da LXT, a Deputación non poderá anular en prexuízo dos interesados os seus propios actos e resolucións.*

A Deputación poderá declarar lesivos para o interese público os seus actos e resolucións favorables aos interesados que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, a fin de proceder á súa posterior impugnación en vía contencioso-administrativa.

2.- *A declaración de lesividade corresponderalle ao Pleno da Deputación, a proposta da Presidencia, polo procedemento previsto no artigo 218 da LXT e 7 a 9 do Real decreto 520/2005, previo informe do órgano con función de asesoramento xurídico sobre a procedencia de que o acto sexa declarado lesivo.*

3.- *A declaración de lesividade non poderá adoptarse unha vez transcorridos catro anos desde que se notificou o acto administrativo.*

4.- *Unha vez transcorrido o prazo de tres meses desde a iniciación do procedemento sen que se declarase a lesividade, producírase a súa caducidade. No prazo de dous meses desde o día seguinte á declaración de lesividade, deberase interpor o correspondente recurso contencioso-administrativo.*

Artigo 62.- Revogación de actos

1.- *A Deputación poderá revogar, en beneficio dos interesados, os seus actos, cando se estime que infrinxen manifestamente a lei, cando circunstancias sobrevindas que afecten a unha situación xurídica particular poñan de manifesto a improcedencia do acto ditado ou cando na tramitación do procedemento se produciu indefensión aos interesados.*

A revogación non poderá constituír, en ningún caso, dispensa ou exención non permitida polas normas tributarias, nin ser contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

2.- *A revogación só será posible mentres non transcorra o prazo de prescrición.*

3.- *O procedemento de revogación iniciarase sempre de oficio, e será competente para declarala o presidente da Deputación, previo informe do órgano con función de asesoramento xurídico sobre a procedencia da revogación.*

Artigo 63.- Rectificación de erros

1.- *A Deputación rectificará en calquera momento, de oficio ou a instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos, sempre que non transcorrese o prazo de prescrición desde que se ditou o acto obxecto de rectificación. En particular, rectificaranse por este procedemento os actos e as resolucións dos recursos nos que se incorreu en erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente. A resolución corruxirá o erro na contía ou en calquera outro elemento do acto ou resolución que se rectifica.*

2.- *O procedemento axustarase ao disposto no artigo 220 da LXT e 13 do RD 520/2005.*

3.- *O prazo máximo para notificar resolución expresa será de seis meses desde que presente a solicitude o interesado ou desde que se lle notifique o acordo de iniciación de oficio do procedemento.*

Artigo 64.- Devolución de ingresos indebidos

1.- *O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciarase de oficio ou a instancia do interesado, nos seguintes supostos:*

a) *Cando se producira una duplicidade no pagamento.*

b) *Cando a cantidade pagada fose superior á que resulta dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

c) Cando se ingresaran cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorridos os prazos de prescrición.

d) Cando así o estableza a normativa tributaria.

2.- O procedemento poderá iniciarse de oficio ou a instancia do interesado.

3.- Cando o procedemento se inicie a instancia do interesado, a solicitude deberá dirixirse ao presidente da Deputación, e deberá conter os seguintes datos:

a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio do interesado. No caso de que se actúe por medio de representante deberase incluír a súa identificación completa.

b) Acto administrativo ou actuación que se impugna ou que é obxecto do expediente, data en que se ditou, número do expediente ou clave alfanumérica que identifique o acto administrativo obxecto de impugnación e demais datos relativos a este que se consideren convenientes, así como a pretensión do interesado.

c) Domicilio que o interesado sinala para os efectos de notificación.

d) Lugar, data e sinatura da solicitude.

e) Xustificación do ingreso indebido. Á solicitude achegaranse os documentos que acrediten o dereito á devolución, así como cantos elementos de proba considere oportunos para ese efecto.

Os xustificantes de ingreso poderán substituírse pola mención exacta dos datos identificativos do ingreso realizado, entre eles, a data e o lugar do ingreso e o seu importe.

f) Declaración expresa do medio elixido polo que teña que realizarse a devolución, podéndose optar entre transferencia bancaria ou compensación con outras débedas pendentes.

4.- Cando o procedemento se inicie de oficio, notificaráselle ao interesado o acordo de iniciación.

5.- A competencia para resolver corresponderalle ao presidente da Deputación, que ditará resolución motivada na que, se procede, se acordará o dereito á devolución.

6.- Coa devolución de ingresos indebidos a Deputación aboará os xuros de demora regulado no artigo 26 da Lei xeral tributaria, sen necesidade de que o obrigado tributario o solicite. Para estes efectos, os xuros de demora devindicarase desde a data na que se realizara o ingreso indebido ata a data na que se ordene o pago da devolución.

7.- Nos procedementos iniciados a instancia de parte, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo transcorrido o prazo máximo de 6 meses sen notificarse a resolución expresa.

Artigo 65.- Devolución de ingresos derivados da normativa de cada tributo

1.- Son devolucións derivadas da normativa de cada tributo as correspondentes a cantidades ingresadas ou soportadas debidamente como consecuencia da aplicación do tributo. De maneira indicativa sinálanse os seguintes:

a) Devolucións parciais da cota satisfeita polos tributos que teñan establecido o rateo da cota (IAE, IVTM).

b) Devolucións orixinadas pola concesión de beneficios fiscais de carácter rogado, cando se ingresou a cota.

2.- Unha vez transcorrido o prazo fixado nas normas reguladoras de cada tributo e, en todo caso, o prazo de 6 meses, sen que se ordenara o pagamento da devolución por causa imputable á Administración tributaria, esta aboará o interese de demora regulado no artigo 26 da LXT, sen necesidade de que o obrigado tributario o solicite. Para estes efectos, os xuros de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

demora percibirase desde a finalización do devandito prazo ata a data en que se ordene o pagamento da devolución.

3.- Cando cumpra recoñecer o dereito á devolución solicitada, o presidente da Deputación ditará resolución, que se entenderá notificada pola recepción da transferencia bancaria (artigo 125 RD 1065/2007).

Artigo 66.- Recurso de reposición

Contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público xestionados pola Deputación deberá interpoñerse, necesariamente con carácter previo á vía xudicial contencioso-administrativa, o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen prexuízo dos supostos en que a lei prevé a posibilidade de formular reclamacións económico-administrativas contra actos ditados en vía de xestión dos tributos locais; en tales casos, cando os actos fosen ditados por una entidade local, este recurso de reposición será previo á reclamación económico-administrativa.

A tramitación e resolución deste recurso axustarase ao disposto no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Será competente para coñecer e resolver o recurso de reposición o órgano da Deputación que ditara o acto administrativo impugnado.

TÍTULO VII.- SUSPENSIÓN DOS PROCEDIMENTOS

Artigo 67.- Suspensión por aprazamento e fraccionamento

1.- A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento dentro do período voluntario de pagamento impedirá o inicio do período executivo, pero non a devindicación dos correspondentes xuros de demora.

2.- A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período executivo non impedirá o inicio ou, se é o caso, a continuación do procedemento de constrinximento durante a tramitación daquela. Non obstante, deberán suspenderse as actuacións de alleamento de bens embargados ata a notificación da resolución denegatoria do aprazamento ou fraccionamento.

Artigo 68.- Suspensión por terceiría de dominio

Será causa de suspensión do procedemento de constrinximento, sobre os bens ou dereitos controvertidos, a interposición de terceiría de dominio. Esta suspensión será acordada polo tesoureiro da Deputación, unha vez que se adoptaron as medidas de seguranza que procedan segundo o disposto no artigo 119 do Regulamento xeral de recadación, e vistos os documentos orixinais en que o terceirista funda o seu dereito.

Artigo 69.- Suspensión por interposición de recurso de reposición

1.- A interposición de recurso de reposición non suspenderá a acción administrativa para o cobro da débeda pendente, salvo nos seguintes supostos:

a) Que o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado, en cuxo caso quedará automaticamente suspendida a execución do acto recorrido, sempre que garanta o importe do dito acto, dos xuros de demora que xere a suspensión e as recargas que procederían en caso de execución da garantía.

A garantía para obter a suspensión automática da execución do acto recorrido deberá ser algunha das seguintes:

- Depósito de diñeiro ou valores públicos.
- Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

- *Fianza persoal e solidaria de dous contribuíntes da provincia de recoñecida solvencia, para débedas que non excedan de 600 euros de principal.*

b) Sen necesidade de garantía, cando se aprecie que, ao ditar o acto, se puido incorrer en erro aritmético, material ou de feito.

c) Se a impugnación afectase a unha sanción tributaria, a súa execución quedará suspendida automaticamente en período voluntario sen necesidade de achegar garantías nos termos previstos no apartado 3 do artigo 212 da Lei xeral tributaria.

2.- Se a impugnación afectase a un acto censual relativo a un tributo de xestión compartida, non se suspenderá en ningún caso, por este feito, o procedemento de cobro da liquidación que poida practicarse. Isto é sen prexuízo de que, se a resolución que se dite en materia censual afectase ao resultado da liquidación aboada, se realice a correspondente devolución de ingresos.

3.- Cando estivese suspendido o procedemento, unha vez resolto en sentido desestimatorio o recurso de reposición interposto en período voluntario, notificaráselle ao interesado, concedéndolle prazo para pagar en período voluntario, polo importe principal da débeda máis os xuros de demora acreditados no período de suspensión, nos prazos establecidos no artigo 62 da LXT.

4.- Será competente para resolver sobre a suspensión o órgano da Deputación que ditou o acto impugnado.

TÍTULO VIII.- POTESTADE SANCIONADORA

Artigo 70.- Procedemento sancionador

1.- Será de aplicación a regulación do procedemento sancionador prevista na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a desenvolven e, especialmente, as que establece o Real decreto 2063/2004, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral do réxime sancionador tributario e, se é o caso, o réxime previsto nas ordenanzas fiscais de cada tributo.

2.- A competencia para a resolución do procedemento sancionador correspóndelle ao presidente da Deputación.

Disposición transitoria

Os expedientes que á entrada en vigor desta ordenanza se atopen pendentes de finalización continuarán tramitándose consonte co establecido nesta ordenanza.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións anteriores de igual ou inferior rango que contradigan, se opoñan ou resulten incompatibles o previsto nesta Ordenanza fiscal xeral de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense.

Disposición final primeira

Autorízase á Presidencia para ditar cantas instrucións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Disposición final segunda

Esta ordenanza fiscal xeral entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2º) Someter a información pública, por prazo de trinta días hábiles, o acordo de aprobación inicial adoptado, mediante anuncios que se publicarán no taboleiro de anuncios da Deputación Provincial, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

provincia. O prazo de información pública computarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín, e durante o dito prazo os interesados poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán obxecto de resolución expresa polo Pleno da Deputación. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, procedéndose á publicación da ordenanza para a súa entrada en vigor.

8º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL “OU-0703 TRIVES-CHANDREXA DE QUEIXA”, N° 124/2014/PB, NO CONCELLO DE A POBRA DE TRIVES.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto oitavo da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación do dito ditame, e por unanimidade dos vinte e tres (23) membros corporativos presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Estimar as alegacións formuladas polos propietarios das parcelas 318 e 321, nos seguintes termos:

a. Alega D.^a Purificación Sánchez Alonso, como propietaria da parcela n.º 318 do expediente expropiatorio que se lle manteña o regadío existente na actualidade na parcela obxecto de expropiación, na parte de parcela non afectada pola expropiación, así como a tubaxe que, atopándose por debaixo da actual estrada, lle manteña tamén o regadío doutra parcela da súa propiedade existente do outro lado da estrada, ao que procede tamén contestar afirmativamente.

b. Por parte dos herdeiros de Carlos Morla Rodríguez alegouse que enfronte a parcela da súa propiedade, a n.º 321 do expediente expropiatorio, e dentro da parcela n.º 322 do expediente expropiatorio, existe unha edificación, dentro da cal ase atopa unha mina de auga que abastece de auga á vivenda da súa propiedade sita na parcela afectada, achegando documentación que así o acredita, polo que se inclúe na relación de bens afectados da súa propiedade a devandita edificación. Tamén alegan que os propietarios da parcela son os herdeiros de Carlos Morla

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Rodríguez e tamén os herdeiros de Carmen Morla Rodríguez, polo que se procede a facer o correspondente cambio de titularidade da parcela afectada.

2º.- Aprobar o proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial “OU-0703 Trives-Chandrea”, n.º 124/PB/2014, no municipio da Pobra de Trives, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

3º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia.

4º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da Lei de estradas de Galicia.

N.º PARCELA EXPEDIENTE	N.º POLÍGONO/PARCELA CATASTRO	TIPO PARCELA	PROPIETARIO EXPEDIENTE	M² EXPROP
293	61/1597	Rústica	Herdeiros de Pilar Rodriguez Gonzalez	107,79
294	61/1598	Rústica	Veciños de Vilanova	29,08
295	61/1596	Rústica	Herdeiros de Pilar Rodriguez Gonzalez	7,44
296	31/1	Rústica	Herdeiros de Manuel Veiga Veiga	675,62
297	31/3	Rústica	Jesús Rodriguez Rey	168,60
298	35/67	Rústica	Dolores Álvarez Pérez	66,56
299	35/66	Rústica	Herdeiros de Manuel Veiga Veiga	45,20
300	31/5	Rústica	Herdeiros de Manuel Veiga Veiga	132,51
301	35/64	Rústica	Bautista Alvarez Castro	135,05
302	31/7	Rústica	Hnos de Apolinar Fernandez Alvarez	239,45
303	35/63	Rústica	Elisa Fernandez Alvarez	36,90

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

304	31/8	Rústica	Elisa Fernandez	57,32
305	35/61	Rústica	Herdeiros de Manuel Veiga Veiga	289,52
306	31/9	Rústica	Herdeiros de Manuel Veiga Veiga	393,13
307	35/55	Rústica	Florentina e Esperanza Sueiro Martín	72,44
308	31/12	Rústica	Luís Rodriguez Pérez	339,33
309	35/54	Rústica	Jose Diéguez Estevez	53,54
310	31/347	Rústica	Herdeiros de Lisardo Rodriguez Álvarez	115,73
311	35/53	Rústica	Herdeiros de Lisardo Rodriguez Álvarez	20,83
312	31/15	Rústica	Herdeiros de Carlos e Carmen Morla Rodriguez	232,69
313	35/52	Rústica	Herdeiros de Lisardo Rodriguez Álvarez	16,39
314	35/51	Rústica	Herdeiros de Milagros Álvarez Macías	33,02
315	31/16	Rústica	Herdeiros de Milagros Álvarez Macías	102,14
316	31/19	Rústica	María Asunción Núñez Vázquez	113,77
317	35/49	Rústica	Dolores Núñez Vázquez	200,14
318	35/48	Rústica	Purificación Sánchez Alonso	472,45
319	35/46	Rústica	Herdeiros de Manuel Álvarez Macías	635,69
320	35/45	Rústica	Elisa Fernández	1246,60
321	35/42	Rústica	Herdeiros de Carlos e Carmen Morla Rodriguez	499,37
322	31/36	Rústica	Mercedes, Elisa e Josefa Domínguez Rodriguez	165,43

5º.- Publicar e notificar este acordo ós interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

9º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE DECEMBRO DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 2º DE OUTUBRO E 1º DE NOVEMBRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de decembro de 2014, e dos seguintes adicionais: 2º de outubro e 1º de novembro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

10º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE DECEMBRO DE 2014 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 2º DE OUTUBRO E 1º DE NOVEMBRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de decembro de 2014 e dos seguintes adicionais: 2º de outubro e 1º de novembro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

11º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- A Presidencia anuncia que hai presentadas tres mocións.

11ª.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA LINGUA GALEGA E DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DA PLATAFORMA QUEREMOS GALEGO.-

O Sr. presidente manifesta que dada a ausencia dos membros do BNG non procede votar a urxencia e tampouco procede pospoñer a moción, xa que se trata dun asunto que ten que ver co próximo día 8 de febreiro, polo que se dá por decaída a moción.

11ºB.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A MINORACIÓN DOS SERVIZOS FERROVIARIOS.-

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, para que defenda o contido da seguinte moción:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

“Cada poucos meses podemos ver como de súpeto os responsables ferroviarios de RENFE e ADIF suspenden o paso de trens, recurtan frecuencias e mesmo anulan paradas en estacións, deixando pobos e comarcas totalmente illadas por ferrocarril e facendo máis difícil a vida no rural.

Xa é recurrnte que no pleno desta corporación se presenten mocións relativas a este tema. Pero polo que vemos RENFE e ADIF actúan sen nengún tipo de contemplación do método de recurtas.

Nestes días poidemos ver como a estación de Ourense-Empalme, Carballiño, A Rúa, O Barco de Valdeorras e A Gudiña van quedar os sábados sen tren directo a Madrid. A isto hai que sumarlle que nos trens diarios a Madrid que pasan pola cidade de Ourense acaba de reducirse a oferta en clase turista e en coche-cama de 152 a 88 diarias, o cal é totalmente insuficiente tendo en conta de que estes trens veñen de A Coruña, Santiago, Vigo e Pontevedra.

Así mesmo entre recurtas de frecuencia de trens e cambios de horarios atopámonos con que a día de hoxe os viaxeiros que queiran facer o traxecto de Ourense a Vigo e voltar no mesmo día só teñen unha combinación posible e só dispoñen de 18 minutos para facer as súas xestións en Vigo. Hai dous trens que chegan ás 14.12 e 19.30 e dous tres que saen dirección Ourense ás 8.25 e 14.30.

Non sabemos a que obedece esta política de poñerllo cada día máis difícil ás veciñas e veciños da nosa provincia, pero cremos que si merece o rexeitamento desta corporación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial Socialista somete a consideración do Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- *Remitir a RENFE e ADIF un escrito no que se poña de manifesto o sentimento de repulsa da Corporación polo trato recibido por esta provincia no referente a recurtas de trens, frecuencias, paradas e polos horarios de moitos servizos e facendo constar de que este tipo de políticas son lesivas para a cidadanía e anosa economía”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recolle no punto décimo primeiro B da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro b](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

11°C.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SITUACIÓN DE COLAPSO NO SERVIZO DE URXENCIAS DO CHUO.-

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente cédelle á Sra. Lama Fernández, do Grupo Socialista, para que defenda o contido da seguinte moción:

“A dramática situación de colapso coa que se atopan os enfermos que acoden ós servizos de urxencias do CHUO están a sacar á luz pública as denuncias dos profesionais e dos propios pacientes, que teñen que soportar, por mor das políticas de recortes as consecuencias dunha xestión nefasta por parte da Consellería de Sanidade e do Goberno do PP na Xunta de Galicia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

Redución das partidas orzamentarias destes últimos seis anos, falta de infraestruturas no servizo de urxencias, peche do Hospital de Piñor para ingresos de larga e media estancia, onde dicían ia quedar una “planta colchón” para situación de emerxencia (tales como picos estacionais de gripe no inverno ou de gastroenterite no verán), únese tamén á redución de efectivos (19 médicos menos na provincia en atención primaria), contratos de persoal por días e mesmo por horas, coa conseguinte diminución na calidade dos servizos de atención primaria, con médicos que atenden a cota doutros compañeiros por ausencias, que non se cobren nin se repoñen efectivos.

Todo un caldo de cultivo que propicia un atasco no servizo de urxencias do CHUO, que pon en risco a saúde das persoas, e que os profesionais denuncian alertando de riscos de morte por mor da saturación, da falta de espazo, de hixiene, por falta de material, e moitas mais carencias que deixan a xestión de recortes deste goberno en evidencia, a saúde en risco, e a sobrecarga de traballo nuns profesionais que xa non dan abasto. Mentres fálase de altas precipitadas, que volven ó servizo con empeoramento, agravando as patoloxías e encarecendo os tratamentos.

A consecuencia da nefasta xestión do PP en materia sanitaria é una deficiente atención ós pacientes en condicións infrahumanas, atendidos en corredores, en despachos ou en cuartos da limpeza, e cando xa non se pode mais en UPIs que se abren ex profeso, para volver pechalas en escasos días ou horas.

Estase a dar a tormenta perfecta, e ante o caos reinante, veñen as denuncias ante o Defensor do Pobo, e vemos como o CHUO sae nas noticias das televisións e nos xornais creando alarma social. Así é como se visualiza mellor a situación que vostedes tratan de negar con números baixo criterios de eficacia y eficiencia. Pero a realidade non deixa lugar á dúbida, e non estamos a falar de “falta de confort” como descaradamente dixo a Conselleira, falamos de persoas, falamos de dignidade dos pacientes e tamén dos profesionais que sobrecargados non atopan remedio para unha patoloxía grave para a poboación, que son as políticas sanitarias que o PP aplica: recortes, menos recursos e desmantelamento dun servizo público básico, que tanto tempo nos custou construír.

Quéixanse os profesionais que non poden programar operación cirúrxicas porque non teñen camas de pre e post-operatorio, polo tanto menten cando falan que recortan as listas de espera.

As secuelas desta grave situación en urxencias, son plantas sobrecargadas tanto en medicina interna como en pneumoloxía, nunha provincia envellecida como a nosa. Están vostedes aplicando con dor, nunca mellor dito, o seu ideario político en materia de sanidade, infame e de custes impredecibles, para a saúde das persoas en aras de criterios económicos, cando todos sabemos que a saúde non se compra, pero vostedes empéñanse en facer negocio con ela, e favorecer o desmantelamento da sanidade pública en beneficio da privada.

Trátase de cartos, pero sobre todo, trátase de saúde e de enfermidade, trátase de ver a realidade dun colapso e dun caos no servizo de urxencias, por mor de unha nefasta xestión e planificación dos recursos públicos. Trátase de que vostedes non poden atentar conta a cidadanía nun tema tan delicado como vivir ou morrer. Trátase de persoas e dos seus dramas porque ninguén vai a urxencias por capricho.

Por todo o exposto anteriormente propoñemos a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

- *Esixir da Consellería de Sanidade e do Goberno da Xunta de Galicia o incremento de recursos humanos, estruturais e materias, para poñer fin o colapso no servizo de urxencias do CHUO de forma urxente e inmediata.*
- *Esixir da Consellería de sanidade e do Goberno da Xunta de Galicia medidas preventivas nos puntos de Atención primaria con recursos humanos, materiais e estruturais, para minimizar os ingresos no servizo de urxencias do CHUO”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recolle no punto décimo primeiro C da vídeo acta da sesión, no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro c](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a dita moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15).

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, preguntalle ao Sr. presidente se ten o informe sobre a axuda que se lle vai prestar ao Concello de Amoeiro, xa que no anterior Pleno dixo que o traería a este.

O **Sr. presidente** contéstalle que se acaba de votar a modificación orzamentaria (á que votou en contra o Grupo Socialista) que inclúe unha partida específica para o Concello de Amoeiro, que supón o 51% da valoración que fixo a Área de Medio Ambiente en relación co problema de saneamento e abastecemento de auga nese concello, e vai definido como Concello de Amoeiro: saneamento municipal, 16.575 euros.

D.ª Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, fai unha pregunta referencia ao decreto n.º 136, do 15 de decembro, no que se acorda tramitar expediente como contrato menor, para o estudo da realidade socio-económica da provincia de Ourense, con fin de constituír un auténtico Observatorio Económico Comarcal Ourensán. Gasto: 21.175 €. Empresa: Irial Comunicación SL. Pregunta que significa o de auténtico e cantos observatorios hai e que explique estas aventuras.

O **Sr. presidente** responde que non hai ningunha aventura, o que pasa é que non van ás presentacións sobre os datos expostos polos observatorios. Están convidadas ás seguintes e o que se pon de manifesto son unha serie de datos que serven para orientar as melloras posibles en colaboración directa co empresariado ourensán. Nesta fase profúndase a nivel de comarca, os datos témolos a nivel de concello. Para este ano (xa o dixo no debate sobre o estado da provincia) vaise

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de xaneiro de 2015

incluir un compoñente demográfico para o estudo da provincia, non só visión integral provincial senón comarcal e a nivel de cada un dos 92 concellos da provincia.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, pregunta cál é o custo anual do mantemento destes observatorios e cantos hai

O **Sr. presidente** responde que hai un observatorio económico-provincial, que a partir de agora dará os seus resultados tamén a nivel comarcal, incluíndo tamén unha perspectiva demográfica.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, agradécelle aos traballadores de ASPANAS que aguantaran durante todo este pleno, e espera que o Sr. presidente logre acadar algunha solución se é posible, ou, polo menos, intentalo.

O **Sr. presidente** coincide co portavoz do Grupo Socialista en canto ao aguante dos traballadores, e di que xa no principio se comprometeu a recibir agora a unha representación para falar dos seus problemas.

As intervencións íntegras que se recollen no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, están dispoñibles no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

E, ás 13.40 horas do citado día trinta de xaneiro de dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,